

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 29 de agosto de 2005**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucia Molares Pérez  
D. José Manuel Iglesias Carrera  
D. Javier Jorge Guerra Fernández  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. Carlos Comesaña Abalde  
D. Antonio Coello Bufill  
D<sup>a</sup>. Marta Iglesias Bueno

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. Ignacio López-Chaves Castro.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día vintenove de agosto de dous mil cinco e baixo a presidencia do primerio tenente de alcalde, Sr. Figueroa Vila, por ausencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, ata o punto dous no que se ausentou e foi substituída polo concelleiro Sr. Coello Bufill, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral acctal., Sr. Suárez Sánchez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1023).- PROPOSTA PARA REDUCIR O PRAZO DOS CONTRATOS SUBSCRITOS CON LONGO ANSA Y ASOCIADOS, S.L. E SANTIAGO CUCART, S.L. (ASISTENCIAS TÉCNICAS PARA CUMPRIMENTO CONVENIO DE XESTIÓN CATASTRAL). EXPTE. 250/500.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 19.08.05, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES.**

*Con data 20 de decembro de 2001, o Concello asinou coa Dirección Xeral do Catastro Convenio de Colaboración en materia de Xestión Catastral.*

O Concello crea o Servicio de Xestión Catastral Delegada e éste comeza a súa andadura en marzo do ano 2002 coa misión de realizar en colaboración coa Xerencia Territorial do Catastro de Vigo o mantemento do Catastro Urbano do municipio.

Segundo o indicador máis relevante de medición deste Servicio, a evolución dos tres anos transcorridos é a seguinte:

Unidades urbanas (902) ano 2002	898
Unidades urbanas (902) ano 2003	3.674
Unidades urbanas (902) ano 2004	4.583

O incremento de unidades urbanas oscila entre o exercicio 2003 e 2004 nun 25%. O Catastro Urbano do Municipio de Vigo experimenta entre o exercicio 2002 e 2004 un crecemento considerable que obedece ás seguintes causas, ordenadas pola súa importancia relativa:

- Incremento da delimitación de “solo urbano catastral” con efectos de 1 de xaneiro de 2004.
- Crecemento importante da construción de vivendas nos últimos anos que dan resultados de altas moi por enriba das previstas para os exercicios 2003 e 2004.
- Inclusión de unidades urbanas anteriormente omitidas, por deficiencias administrativas e cartográficas, no documento catastral.

A evolución descrita ten a súa correspondencia nos ingresos impositivos do Concello en impostos e taxas relacionados coa capacidade económica posta de manifesto con motivo do incremento do produto inmobiliario:

Entre o exercicio 2002 (IBI: 37.396.000 €) e 2004 (IBI: 42.775.000 €) o Imposto de Bens Inmóveis de Natureza Urbana incrementou, no Concello de Vigo, un 14,38%. Deste incremento, só un 5,4% foi debido a incrementos na base liquidable e tipo impositivo. O Imposto de Construcións pasou de 5.010.000 € no exercicio 2002 a 7.649.000 € no exercicio 2004 (un incremento do 52,67%).

Como contrapunto a esta realidade tan favorable, dende o punto de vista dos ingresos municipais, as expectativas formuladas por esta Dirección de Ingresos para sufragar o gasto ocasionado polas asistencias técnicas contratadas para o mantemento do Catastro Urbano, resultaron amplamente sobrepasadas por esta evolución.

No exercicio 2002 adjudicáronse, por procedemento de concurso (expte. 30850/510) dúas asistencias técnicas a favor de Lonso Ansa y Asociados S.L. y Santiago Cucart, S.L., en dous lotes por importe anual total de 60.000 € (30.000 € cada lote). Na actualidade este contrato está plenamente cumprido, mesmo nas dúas prórrogas aprobadas.

En xaneiro do ano 2003, sendo a única referencia estatística o número de altas no exercicio 2002 (898 altas), esta Dirección de Ingresos formula prego de cláusulas técnicas para contratación dunha asistencia técnica adicional en expediente 14/500 por importe anual de 90.000 euros. Na actualidade este contrato está completamente cumprimentado, aínda que, o seu prazo remataba en outono de 2005 (o contrato fora adjudicado en sesión de Comisión de Goberno de 8 de setembro de 2003 e asinado con data 22 de outono).

Con data 16 de abril de 2004, con motivo de que o Catastro Urbano experimentase unha ampliación en 1500 hectáreas de solo, consecuencia da Aprobación da Ponencia Parcial de Valores 2003, esta Dirección de Ingresos formula un novo prego de condicións técnicas de carácter cuasi idéntico o anterior para o mantemento do novo ámbito delimitado como urbano. O Expte. 129/500 da lugar a un novo concurso no que se adjudican contratos de asistencia técnica por importe total de 230.000 € en dous lotes (115.000 € para cada lote).

O Acordo de Adjudicación aprobado en sesión da Xunta de Goberno Local de 2 de novembro de 2004, é do seguinte tenor literal:

“1º) Adjudicar a Longo, Ansa y Asociados, S.L. o lote A do concurso para a colaboración na xestión catastral delegada do Concello de Vigo por un prezo de 115.000 euros para todo o prazo do contrato (10.000 euros corresponden o ano 2004, 60.000 euros o ano 2005 e 45.000 euros o ano 2006). Todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados pola Xunta de Goberno Local de 12.07.2004 e a oferta presentada.

2º) Adjudicar a Santiago Cucart, S.L. o lote B do concurso para a colaboración na xestión catastral delegada do Concello de Vigo por un prezo de 115.000 euros para todo o prazo do contrato (10.000 euros corresponden o ano 2004, 60.000 euros o ano 2005 e 45.000 euros o ano 2006). Todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados pola Xunta de Goberno Local de 12.07.2004 e a oferta presentada”.

#### SITUACIÓN A 30 DE ABRIL DE 2005.

Entre 1 de xaneiro e 30 de abril de 2005 foron cumprimentadas 2704 Unidades Urbanas de alta (expedientes 902 por importe de 113.483 €), 5556 transmisións segregacións e outros (expedientes 901 por importe de 45.701 €) así como 6339 notificacións por importe de 13.628 € (un total de 172.812 €). En consecuencia, téñense esgotado practicamente as disponibilidades económicas, tanto da última prorroga do contrato 30850/510 (importe revisado aprox. de 65.000 €) como os 120.000 € previstos para o exercicio 2005 no desenvolvemento dos contratos adjudicados en expediente 129/500.

Procedería, suspender as asistencias técnicas contratadas ata o momento en que puidera prorrogarse o contrato 14/500 (novembro 2005). Esta alternativa ocasionaría unha serie de problemas graves ó Concello, un deles o incumprimento do Convenio de Colaboración coa Dirección Xeral do Catastro, a posta en risco grave do Padrón de IBI do exercicio 2006 e outros colaterais. Sen embargo, existe crédito dispoñible na partida 6110.22706.02: “Traballos de colaboración coa Xerencia Territorial do Catastro” en contía aproximada de 95.000 €.

Unha das posibles alternativas para a cobertura dos compromisos adquiridos no Convenio de Colaboración coa Dirección Xeral do Catastro sería a modificación/ampliación dos contratos vixentes pero, por seren as modificacións necesarias, dunha envergadura tan elevada, esta Dirección de Ingresos estima conveniente outra fórmula: non prorrogar o contrato 14/500, adiantar o prazo de cumprimento dos contratos adjudicados en expediente 129/500 e plantear no segundo semestre do presente ano un novo concurso que inclúa as posibilidades dun contrato de asistencia técnica con capacidade para tramitar o número real de altas e transmisións que esixe o mantemento de Catastro Urbano actual.

As esixencias aproximadas do citado contrato serían as seguintes:

6.500 (902) x 50 €	325.000 euros
10.000 (901) x 9 €	90.000 euros
9.000 (notificacións) x 2,5 €	22.500 euros
	437.500 euros

Debería plantearse unha asistencia técnica con unha dispoñibilidade de gasto anual de 440.000 euros (esta contía resulta ser o 0,85% dos ingresos municipais por IBI e Plusvalía do ano 2005). Ata o 1% dos ingresos tributarios xerados a partir do documento catastral estímase un gasto razoable.

Nótese que a cobertura anual dos contratos en vigor está notablemente desfasada das necesidades postas de manifesto polo movemento do catastro.

Expte. 30850/510 2ª prorroga	65.000 euros/ano
Expte. 14/500	90.000 euros/ano
Expte. 129/500	115.000 euros/ano
	270.000 euros/ano

O desfase que se pon de manifesto obedece, fundamentalmente, ó crecemento extraordinario do número de documentos tramitados por motivos de altas de edificios e transmisións de inmobles.

Exercicio 2002	898 (902)
Exercicio 2003	3.674 (902)
Exercicio 2004	4.583 (902)
Estimación 2005	5.500 (902)
Estimación 2006	6.500 (902)

A vista de todo o anterior, para seguir cumprimentando o Convenio de Colaboración e actualizando o Catastro Urbano coas altas e transmisións que teñan entrada no Concello dende os meses de maio a outono de 2005, esta Dirección de Ingresos estima necesaria a Modificación do prazo dos contratos subscritos con Longo Ansa y Asociados, S.L. y Santiago Cucart, S.L. con datas 2 de decembro de 2004 e 14 de decembro de 2004 respectivamente (expediente 129/500) adiantando o seu termino a data de 30 de outono de 2005 polos motivos que se expoñen no presente informe.

Visto o informe favorable da Asesoría Xurídica, de data 19 de xullo de 2005, á proposta desta Dirección de Ingresos de data 9 de maio, fórmulase á Xunta de Goberno Local – previa anulación de documentos contables ADFUT N° 200400050164 e ADFUT n° 200400050169 con cargo a partida 6110.22706.02, exercicio 2006, por importe de 90.000€ así como emisión de documentos contables AD a favor de Lonso, Ansa y Asociados, S.L. por importe de 45.000€ e a favor de Santiago Cucart, S.L por importe de 45.000€, ambos con cargo á Partida 6110.22706.02 do vixente Presuposto de 2005 – a seguinte:

#### PROPOSTA:

Aprobar a resolución por mutuo acordo dos contratos subscritos en expte. 129/500 con Longo, Ansa y Asociados, S.L. e Santiago Cucart, S.L., adxudicados por acordo da Xunta de Goberno de data 2 de novembro de 2004, de conformidade co artigo 112.4 do TRLCAP, por motivos de interese público acreditados no informe que precede.

Consta, asimesmo, o acordo das empresas adxudicatarias e a renuncia a posibles reclamacións e/ou indemnizacións en documentos de data 18 de agosto de 2005 que obran no expediente. Infórmase favorablemente a procedencia de devolución das garantías constituídas, dado o correcto desenvolvemento dos contratos polas empresas adxudicatarias.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **2(1024).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE ENSINANZAS ESPECIAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EN ESTABLECEMENTOS MUNICIPAIS.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe da directora de Ingresos do 15.07.05, conformado polo interventor xeral acttal., e da resolución do concelleiro delegado de Economía

e Facenda, do 26.07.05, polos que se propón a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais, previo á aprobación de dita modificación polo Pleno da Corporación.

A Xunta de Goberno local aproba como proxecto a seguinte modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais:

### ARTIGO 3.- CONTÍA

As tarifas deste prezo público serán as seguintes:

a) Cursos e cursiños. Por cada sesenta horas lectivas ou fracción, cota mínima 2,55 €, que poderán ser incrementadas no acto administrativo regulador da convocatoria ata o máximo resultante de dividi-lo custo total do curso entre o número máximo de inscricións admisibles.

c) Escola Municipal de Música:

Música e movemento:

- Matrícula	36,70 €
- 10 mensualidades de	14,60 €

Práctica instrumental. Nivel I:

- Matrícula	51,35 €
- 10 mensualidades de	20,20 €

Práctica instrumental. Nivel II:

- Matrícula	55,95 €
- 10 mensualidades de	22,35 €

Práctica instrumental. Nivel III:

- Matrícula	60,55 €
- 10 mensualidades de	24,15 €

Difusión musical (curso 20 horas)

- Matrícula	27,15 €
-------------	---------

Monográfico (curso 20 horas)

- Matrícula	40,80 €
-------------	---------

Especialización musical (curso 30 horas)

- Matrícula	135,75 €
-------------	----------

d) Escola Municipal de Teatro.

Cursos de teatro para menores, (niveis de iniciación e perfeccionamento)

- Matrícula	22,00 €
-------------	---------

- 9 mensualidades de 19,10 €

Cursos monográficos

20 horas ou fracción. 40,00 €

40 horas 80,00 €

60 horas 120,00 €

80 horas ou mais 160,00 €

Cursos de teatro para persoas adultas (niveis de iniciación e perfeccionamento)

- Matrícula 78,00 €

- 9 mensualidades de 70,00 €

e) No caso de que os/as seleccionados/as para a Escola Municipal de Teatro e a Escola Municipal de Música, pertencesen a unidades familiares con ingresos per capita mensuais inferiores a 245,90 €, quedarán eximidos/as de pagamento destes prezos públicos.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2006, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

NESTE INTRE AUSÉNTASE DA REUNIÓN A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, SR. MOLARES PEREZ, SUBSTITUÍNDOLA O CONCELLEIRO SR. COELLO BUFILL.

**3(1025).-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, PERTENCENTES O “INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES”.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe da directora de Ingresos do 15.07.04, conformado polo interventor xeral accidental, e da resolución do concelleiro delegado de Economía e Facenda, do 26.07.05, polos que se propón a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais, pertencentes ao “Instituto municipal dos Deportes”, previo á aprobación de dita modificación polo Pleno da Corporación.

A Xunta de Goberno local aproba como proxecto a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais, pertencentes ao “Instituto municipal dos Deportes”:

CAPITULO V.- EXENCIONS

b) Os alumnos das Escolas deportivas, pertencentes a unidades familiares que non superen os seis mil dous centos vinte con corente e cinco como renda anual (6.220,45 €).

ARTIGO 18.- PREZOS PUBLICOS.

A) ESPECTÁCULOS

En tódalas instalacións.

- 1 día	3.542,00 euros + ive
- ½ día	1.983,00 euros + ive
- Aluguer escenario	17,70 euros m2 + ive

B) ACTIVIDADES CULTURAIS.

- 1 día	496,00 euros + ive
- ½ día	284,00 euros + ive

C) ESPECIAL

Para montar e desmontar.

Hora	32,00 euros + ive
------	-------------------

ARTIGO 19.-

1. ACTIVIDADES DEPORTIVAS-COMPETICIONS, ADESTRAMENTOS.

a) ABONO TEMPADA CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS, para totalas entidades deportivas que soliciten a reserva por tempada do uso dunha instalación deportiva.

a.1.-EQUIPOS FEDERADOS:

Categoría especial	177,10 €
1ª Categoría (un só equipo)	70,85 €
1ª Categoría (máis de un equipo)	106,25 €
2ª Categoría	53,15 €

a.2.- EQUIPOS NON FEDERADOS 53,15 €

b) Cando unha entidade tenga otorgado unha reserva de uso de adestramentos e competicións oficiais nunha instalación para unha tempada, o pago dos precios publicos poderá ser domiciliado nunha entidade bancaria e poderá ser facturado anticipadamente dunha seguintes maneiras:

PAGOS DE ADESTRAMENTOS:

b.1.- Mensualmente.

b.2.- Bimensualmente. Neste caso terá un desconto dun 10% sobre o total.

b.3.- Trimestralmente. Neste caso terá un desconto dun 20% sobre o total.

1.2. COMPETICIONS-EXHIBICIONS: (sin tempo límite)

Atinxe a todas aquelas actividades deportivas nas que, pola súa configuración, requiran competicións dunha longa ocupación coma Patinaxe, Ritmica, Artes marciais.

Instalacións	Sen taquilla €/hora	Con taquilla €/hora
Pavillón Central	42,50	70,85
Outras Instalacións	24,80	42,50

### 1.3. PARTIDOS (Baloncesto, balonman, Voleibol, Fútbol, etc.)

#### a) PAVILLÓN CENTRAL

	Sen taquilla €/hora	Con taquilla €/hora
Categoría especial	56,65	134,60

#### b) OUTRAS INSTALACIÓNS

	€/hora
Categoría especial	53,15
1ª Categoría	24,80
2ª Categoría	12,00

### 1.4. ADESTRAMENTOS:

a) PAVILLÓN CENTRAL	€/hora
Categoría especial e 1ª categoría	10,60

#### b) OUTRAS INSTALACIÓNS e campos de fútbol.

	Pista entera €/hora	Pista compartida €/hora
Categoría especial e 1ª cat.	6,70	4,95
2ª Categoría	4,55	3,55

c) SALAS DEPORTIVAS MULTIUSOS	€/hora
1ª Categoría (un equipo)	3,90
2ª Categoría (un equipo)	2,10

## ARTIGO 20.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE RECREO, TEMPO LIBRE E OCIO.

### 1. ACCESO AS INSTALACIÓNS

1.1 Adulto	2,65 €
1.2 Menores	1,80 €



## 2.ABONO DE 20 ENTRADAS (INSTALACIÓNS USO LIBRE).

2.1. Adulto	24,05 €
2.2. Menores	16,30 €

## 3.- TENIS E FRONTÓN E PADEL

### 3.1.- Instalacións Cubertas

	1 hora	Bono 10 usos
a) 2 Xogadores	3,90 €	34,95 €
b) 4 Xogadores	4,55 €	41,00 €

### 3.2.- Instalacións descubertas

	1 hora	Bono 10 usos
a) 2 Xogadores	2,65 €	23,75 €
b) 4 Xogadores	3,90 €	34,95 €

### 3.3. Suplemento de Luz para Tenis, frontón e padel:

	€/hora
Instalacións cubertas	1,75
Instalacións descubertas	1,10

## 4.-XIMNASIOS.

### 4.1. Mensualidade por actividade/clases

dous sesións a semana 13,50 €

### 4.2. Mensualidade por actividade/clases

tres sesións a semana 17,05 €

### 4.3.- Cuotas de abonados os Ximnasios.(uso libre).

4.3.1 Adultos (individual anual)	127,55 €
4.3.2 Menores (individual anual)	78,00 €
4.3.3 Familiar (anual)	184,25 €

Os abonados empadroados en Vigo, terán unha bonificación e o seu prezo é de:

4.3.4 Adultos (individual anual)	106,30 €
4.3.5 Menores (individual anual)	56,65 €
4.3.6 Familiar (anual)	156,25 €

## 5.- SQUASH:

1 reserva	Abono 10 usos/ reservas
-----------	----------------------------

Reserva uso pista (45 minutos)	3,55 €.	32,15 €
--------------------------------	---------	---------

## ARTIGO 21.- PROGRAMAS DE ENSEÑANZA E PROMOCION DEPORTIVA

### 1. PROGRAMAS CON PROFESOR (CURSOS NATACIÓN)

1.1. Adultos/mes	27,65 €
1.2. Menores/mes	17,70 €

### 2. PROGRAMAS DE CAMPAÑAS DE "NATACIÓN"

	€/alumno/mes
2.1. Grupo colexios	6,20 €
2.2. Outros programas	11,40 €

### 3. ESCOLAS DEPORTIVAS:

3.1. Escolas Deportivas	
Por alumno-a/curso	35,45 €

## ARTIGO 22.- OUTROS USOS:

### 1. COLEXIOS:

1.1 Instalacións deportivas	7,15 €/hora
-----------------------------	-------------

### 2. ACADEMIAS PRIVADAS

2.1 Instalacións deportivas	14,15 €/hora
-----------------------------	--------------

### 3. RENOVACIÓN DO CARNE

Renovación de carnet	0,75 €
----------------------	--------

### 4. SALA DE REUNIÓN:

Sala de reunión:	2,10 €/hora
------------------	-------------

## DISPOSICIONS FINAIS

Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de Xaneiro de 2006, ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

### **4(1026).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe da directora de Ingresos do 15.07.04, conformado polo interventor xeral accidental, e da resolución do concelleiro delegado de

Economía e Facenda, do 26.07.05, polos que se propón a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza fiscal xeral, previo á aprobación de dita modificación polo Pleno da Corporación.

A Xunta de Goberno local aproba como proxecto a seguinte modificación da ordenanza fiscal xeral:

- Supresión da disposición final 1ª da Ordenanza Fiscal Xeral.
- A Disposición final 2ª, pasa a ser disposición final única.

### **5(1027).-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe da directora de Ingresos do 15.07.04, conformado polo interventor xeral accidental, e da resolución do concelleiro delegado de Economía e Facenda, do 26.07.05, polos que se propón a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, previo á aprobación de dita modificación polo Pleno da Corporación.

A Xunta de Goberno local aproba como proxecto a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica:

#### **ARTIGO 5.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE BENEFICIOS FISCAIS**

A concesión de beneficios fiscais, a instancia dos suxeitos pasivos, surtirá efectos para o exercicio seguinte a aquél en que se formule a súa solicitude agás as presentadas no mes de xaneiro. Neste último caso, a concesión surtirá efectos no mesmo exercicio.

#### **ARTIGO 6.- COTA**

<b>A. TURISMOS</b>	<b>COTA ANUAL</b>
A.1. de menos de 8 cabalos fiscais	18,85 €
A.2. de 8 ata 11,99 cabalos fiscais	52,35 €
A.3. de 12 ata 15,99 cabalos fiscais	112,45 €
A.4. de 16 ata 19,99 cabalos fiscais	179,22 €
A.5. de máis de 20 cabalos fiscais	224,00 €
<b>B. AUTOBUSES</b>	<b>COTA ANUAL</b>
B.1. de menos de 21 prazas	127,15 €
B.2. de 21 a 50 prazas	184,60 €
B.3. de máis de 50 prazas	230,80 €
<b>C. CAMIÓN</b>	<b>COTA ANUAL</b>
C.1. de menos de 1000 kg. de carga útil	64,80 €
C.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil	127,15 €

C.3. de máis de 2999 a 9999 kg. carga útil	184,60 €
C.4. de máis de 9999 kg. de carga útil	230,80 €

D. TRACTORES	COTA ANUAL
D.1. de menos de 16 cabalos fiscais	24,60 €
D.2. de 16 a 25 cabalos fiscais	39,35 €
D.3. de máis de 25 cabalos fiscais	117,90 €

E. REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA	COTA ANUAL
E.1. máis de 750 kg a 1000 kg. carga útil	26,95 €
E.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil	42,40 €
E.3. máis de 2999 kg. de carga útil	129,55 €

F. OUTROS VEHÍCULOS	COTA ANUAL
F.1. Ciclomotores	5,70 €
F.2. Motocicletas ata 125 cc.	5,70 €
F.3. Motocicletas de máis 125 ata 250 cc.	11,30 €
F.4. Motocicletas de máis 250 ata 500 cc.	30,29 €
F.5. Motocicletas de máis 500 ata 1000 cc.	60,58 €
F.6. Motocicletas de máis de 1000 cc.	121,15 €

#### DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2006 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

#### **6(1028).-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe da directora de Ingresos do 15.07.04, conformado polo interventor xeral accidental, e da resolución do concelleiro delegado de Economía e Facenda, do 26.07.05, polos que se propón a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre actividades económicas, previo á aprobación de dita modificación polo Pleno da Corporación.

A Xunta de Goberno local aproba como proxecto a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre actividades económicas:

#### ARTIGO 8.- COEFICIENTE ÚNICO E ÍNDICES DE SITUACIÓN.

Categoría Fiscal	Coeficiente Situación
------------------	-----------------------

1ª	2,62
2ª	2,45
3ª	2,30
4ª	2,12
5ª	1,97
6ª	1,80

## ARTIGO 12.- ALTAS, BAIXAS E VARIACIÓNS

3. As declaracións de alta haberán de presentarse no prazo dun mes, dende a data en que se produza o inicio da actividade.

### DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse ó 1 de xaneiro de 2006 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

## **7(1029).-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU DE QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO OU A DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS A INSTANCIA DE PARTE.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe da directora de Ingresos do 15.07.04, conformado polo interventor xeral accidental, e da resolución do concelleiro delegado de Economía e Facenda, do 26.07.05, polos que se propón a aprobación do proxecto de modificación da “ordenanza fiscal reguladora das taxas polos documentos que expida ou que entenda a Administración do Concello ou a dos seus organismos autónomos a instancia de parte”, previo á aprobación de dita modificación polo Pleno da Corporación.

A Xunta de Goberno local aproba como proxecto a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos documentos que expida ou que entenda a Administración do Concello ou a dos seus organismos autónomos a instancia de parte:

### ARTIGO 5.- BASE E COTA TRIBUTARIA

Tomarase como base do gravame a natureza dos documentos que se tramitarán conforme coa seguinte tarifa:

1. Certificados relativos ó Padrón Municipal de Habitantes:

a. De ata 5 anos de antigüidade

1,85 €

b. Superior a cinco anos ata dez	3,85 €
c. De mais de dez anos	10,20 €
d. Relativo ó nº de habitantes dunha sección ou distrito, clasificados polos diversos parámetros: idade, sexo, nivel de instrucción, etc: Por cada distrito ou sección e parámetro	1,85 €
e. Relativo ó total de habitantes do concello, referente a tódalas seccións e distritos, e clasificados por parámetros: Por cada parámetro	34,40 €
2. Certificados de documentos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:	
a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina	8,40 €
b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de	1,15 €
3. Restantes certificados:	
a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina	1,85 €
b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de	1,15 €
4. Copias de planos:	
a. Copia de planos oficiais relativos ás diversas figuras de planeamento vixente, expropiacións, infraestructuras, servicios e outros, relativos a expedientes non terminados	
- DIN A-4	1,55 €
- DIN A-1	3,10 €
- Por cada m2 ou fracción de exceso sobre un DIN A-1, un recargo de	7,95 €
b. Copia de planos oficiais de planeamento non vixente, expropiacións, infraestructuras, servicios e outros, sempre e cando se refiran a expedientes terminados:	
- De ata tres anos de antigüidade aplicaráselle o dobre da tarifa sinalada no epígrafe 4.a).	
- Por cada ano máis de antigüidade incrementaráselle a tarifa deste epígrafe 4.b).	
Por cada Plano	1,15 €
c. Copias de planos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:	
- De ata tres anos de antigüidade, por un plano.	8,40 €
- Por cada ano ou plano máis, un recargo de	1,15 €
5. Copias de expedientes ou documentos que obran nas dependencias do Concello.	

a. de ata 1 ano de antigüidade, por cada páxina	
A4	0,15 €
A3	0,20 €
b. de máis dun ano de antigüidade e ata 3, por cada páxina	
A4	0,30 €
A3	0,75 €
c. de máis de 3 anos de antigüidade e ata 10, por cada páxina	
A4	0,50 €
A3	0,90 €
d. de máis de 10 anos de antigüidade, por cada páxina	
A4	0,70 €
A3	1,70 €

Se o expediente o documento excedera de 100 páxinas, a partir desta cifra, o importe será a metade dos sinalados nos apartados anteriores a, b, c, d, segundo corresponda

No suposto en que os documentos relativos os apartados 4 e 5 anteriores poideran ser facilitados en soporte magnético e así o demandaren os interesados, o importe do soporte facilitado calcularase segundo o número e tipo de páxinas que conteña, aplicando as tarifas dos apartado 4 e 5 anteriores.

#### 6. Verificación de poderes:

a Validación de poder, por cada un	8,40 €
b. Dilixencia de recoñecemento de sinatura en endosos, por cada unha	3,60 €
c. Simple recoñecemento de sinatura	2,15 €

#### 7. Fotocopias:

a. Fotocopias de documentos achegados polos interesados, por cada páxina A4.	0,10 €
por cada páxina A3	0,20 €

#### b. Compulsa de documentos

- Primeira páxina	1,15 €
- Por cada unha das restantes	0,25 €

#### 8. Xerocopias de ordenanzas e regulamentos:

- Por cada exemplar	3,65 €
---------------------	--------

#### 9. Solicitud para tomar parte no procedemento de selección e promoción de persoal:

a. Por cada unha dos grupos A e B	29,20 €
b. Por cada unha dos grupos C, D e E	16,35 €

10. Informacións urbanísticas	12,20 €
11. Cédulas urbanísticas	40,50 €
12. Impresos de autoliquidación de tributos	s/custo
13.1 Expedición de informes sobre intervencións ou actuacións da Policía Local a petición do interesado.	8,40 €
13.2 Expedición de informes relativos a accidentes de circulación realizados pola Policía Local.	84,95 €
13.3 Expedición de Informes de Residencia/Convivencia ou ámbolos dous.	3,00 €
13.4 Expedición de Certificados de Residencia/Convivencia ou ámbolos dous.	8,40 €
13.5 Informes realizados polo Departamento de Tráfico.	8,40 €
14. Comunicacións sobre licencias de actividades e instalacións: cambios de titularidade e actividade sinalados no artigo 2 da Ordenanza de taxas de licencias de actividades e instalacións	38,25 €
15. Certificados relativos á recadación de tributos:	
a. Por recibo tributario ata 3 anos de antigüidade	8,70 €
b. Por cada recibo e ano que sobrepase os 3 de antigüidade, un recargo de	1,15 €
16. Documento acreditativo de INSCRIPCIÓN PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES	0,40 €
17. Carnés expedidos polo Departamento de Medio Ambiente e outros.	3,10 €

#### DISPOSICIÓN FINAIS

2ª.- A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2.006. Permanecerá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

**8(1030).-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS RELATIVAS Ó SERVICIO DE TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS EN AUTOMÓBILES E LIXEIROS DE ALUGUER CON CONDUCTOR (AUTOTAXIS E VEHÍCULOS ESPECIAIS OU DE ABONO).**



Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe da directora de Ingresos do 15.07.04, conformado polo interventor xeral accidental, e da resolución do concelleiro delegado de Economía e Facenda, do 26.07.05, polos que se propón a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas relativas ao servizo de transporte urbano de viaxeiros en automóbiles e lixeiros de aluguer con conductor (autotaxis e vehículos especiais ou de abono), previo á aprobación de dita modificación polo Pleno da Corporación.

A Xunta de Goberno local aproba como proxecto a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas relativas ao servizo de transporte urbano de viaxeiros en automóbiles e lixeiros de aluguer con conductor (autotaxis e vehículos especiais ou de abono):

**ARTIGO 4.- COTAS**

3. Revisión de vehículo	26,25 €
4. Por dereitos de exame para a obtención do permiso municipal de conducir, por cada exame.	7,50 €
5. Por expedición e renovación de permiso municipal de conducir.	15,00 €
6. Por expedición de duplicados de permisos, licencias, tarifas, etc., por cada un	3,75 €

**DISPOSICIÓN FINAIS**

2. A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o un de xaneiro do ano 2006 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

**9(1031).-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS SERVICIOS ESPECIAIS POR ESPECTÁCULOS E TRANSPORTES.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe da directora de Ingresos do 15.07.04, conformado polo interventor xeral accidental, e da resolución do concelleiro delegado de Economía e Facenda, do 26.07.05, polos que se propón a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos especiais por espectáculos e transportes, previo á aprobación de dita modificación polo Pleno da Corporación.

A Xunta de Goberno local aproba como proxecto a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos especiais por espectáculos e transportes:

**ARTIGO 5.- COTA**

1. Nas prestacións de servizos sinaladas no epígrafe a), b) e d) do apartado 1 do artigo 1:	€/hora ou fracción
Por cada persoa afecta ó servizo:	10,45
Por cada vehículo afecto ó servizo:	20,25

2. Nas prestacións de servizos sinaladas no epígrafe c) do apartado 1 do artigo 1:

Por cada vehículo e ano ou fracción: 18,75 €

#### DISPOSICIÓN FINAIS

SEGUNDA: A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2006, permanecendo en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

#### **10(1032).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PREVENCIÓN DE RUINAS DE CONSTRUCCIÓN, SALVAMENTOS E OUTROS ANÁLOGOS.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe da directora de Ingresos do 15.07.04, conformado polo interventor xeral accidental, e da resolución do concelleiro delegado de Economía e Facenda, do 26.07.05, polos que se propón a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de prevención e extinción de incendios, prevención de ruinas de construcións, salvamentos e outros análogos, previo á aprobación de dita modificación polo Pleno da Corporación.

A Xunta de Goberno local aproba como proxecto a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de prevención e extinción de incendios, prevención de ruinas de construcións, salvamentos e outros análogos:

#### ARTIGO 7.- TARIFAS

2. Ós servizos realizados fóra do termo municipal, aplicarase unha tarifa de 0,60 €/km e vehículo máis a tarifa que corresponda das seguintes:

2.1 De duración inferior a media hora: 77,20 €

2.2 De duración superior a media hora e inferior a dúas: 193,20 €

3. Nas intervencións dos bombeiros onde haxa substancias tóxicas, inflamables ou explosivas en cantidades ou condicións non permitidas polas disposición aplicables, recargarase a cota resultante dos apartados 2.1, 2.2 e 2.3 nun 100%

#### DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

**11(1033).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS OU TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVICIOS DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe da directora de Ingresos do 15.07.04, conformado polo interventor xeral accidental, e da resolución do concelleiro delegado de Economía e Facenda, do 26.07.05, polos que se propón a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais, previo á aprobación de dita modificación polo Pleno da Corporación.

A Xunta de Goberno local aproba como proxecto a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais:

**ARTIGO 4.- BENEFICIOS FISCAIS**

c. Estarán exentas do pagamento das taxas correspondentes á expedición de licencias de inhumacións ou enterramentos as familias que teñan ingresos totais iguais ou inferiores o salario mínimo interprofesional e que posúan un patrimonio inmobiliario con valor catastral igual ou menor a 44.070 €.

Sendo o único ben patrimonial a vivenda propia, o seu valor catastral poderá superar os 44.070 €.

**ARTIGO 5.- COTAS**

**A. Concesións temporais**

**A.1. Por período de 6 anos ou fracción**

A.1.1. de cinceiros sinxelos	113,15 €
de cinceiros dobres	204,65 €
A.1.2. de criptas	113,15 €
A.1.3. de nichos	331,25 €
A.1.4. Párvulos	183,10 €

**A.2. Por período de 50 anos**

A.2.1. de nichos	1.848,70 €
A.2.2. de cinceiros	322,45 €
A.2.3. de parcelas exclusivamente (m2 ou fracción)	322,45 €

**B. Renovación por catro anos das concesións recollidas no apartado A.1.**

B.1. de cinceiros sinxelos	73,70 €
de cinceiros dobres	139,40 €
B.2. de criptas	73,70 €
B.3. de nichos	222,05 €
B.4. de párvulos	183,10 €

**C. Expedición de títulos de sepulturas e parcelas**

C.1. de mausoleos, panteóns, parcelas, cinceiros, criptas e nichos, así como duplicados dos mesmos  
17,35 €

#### D. Expedición de Licencias

##### D.1. Inhumacións.

Entenderase por inhumación o enterramento de cadáveres e toda clase de restos que impliquen a apertura ou peche de oco para enterramento, tanto nichos, cinceiros, panteóns, etc.

	Terra	Nichos e Cinceiros	Criptas, panteón e mausoleos
- Adultos e párvulos	31,40	53,80	119,15 €
- Fetos e restos anatómicos			13,70 €
D.2. Exhumación			40,70 €

As anteriores licencias comprenden amáis da autorización administrativa propia desta ordenanza, a correspondente autorización para realizar obra menor.

##### E. Transmisións do dereito de concesión e uso ou aproveitamento, entre particulares

###### E.1. De terreos por cada 3 m2.

E.1.1. hereditarios	25,90 €
E.1.2. intervivos	461,85 €

###### E.2. Nichos e criptas por unidade

E.2.1. hereditarios	25,90 €
E.2.2. intervivos	139,40 €

###### E.3. de cinceiros

E.3.1. hereditarios	8,45 €
E.3.2. intervivos	34,70 €

###### E.4. De panteóns e mausoleos por unidade

E.4.1. hereditarios	183,10 €
E.4.2. intervivos	693,15 €

##### F. Taxa de mantemento e limpeza

F.1. Donos e concesionarios de panteóns, capelas, mausoleos e criptas, por unidade e ano 29,35 €

###### F.2. Donos e concesionarios de nichos por un ano,

unha ou dúas bocas de nichos	7,70 €
3 ou 4 bocas	14,55 €

F.3. Sepultura en terra por unidade e ano 2,30 €

O devengo desta taxa aludida no apartado F) prodúcese o 1 de Xaneiro do ano en curso.

#### ARTIGO 7.- INGRESO

3. As liquidacións correspondentes ás concesións do apartado A.2.1 do artigo 5 desta Ordenanza poderán ingresarse polo seu importe total ou ben en fraccións, no caso de que se trate de nichos en construción. As posibles fraccións faranse da seguinte forma:

##### 1ª liquidación

No momento da notificación do acordo de adxudicación. 463,40 €

##### 2ª liquidación

Unha vez aprobadas certificacións de obras por importe equivalente ó 50% do total do proxecto. 687,45 €

##### 3ª liquidación

A recepción provisional da obra e outorgamento do título de concesión 697,85 €

#### DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do 2006 e permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

#### **12(1034).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe da directora de Ingresos do 15.07.04, conformado polo interventor xeral accidental, e da resolución do concelleiro delegado de Economía e Facenda, do 26.07.05, polos que se propón a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos, previo á aprobación de dita modificación polo Pleno da Corporación.

A Xunta de Goberno local aproba como proxecto a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos:

#### ARTIGO 5.- COTA

Inmovilización	Incremento diario por depósito e custodia
----------------	---

Motocicletas e ciclomotores	58,00 €	4,55 €
Turismos e similares	114,00 €	8,50 €
Camións e autobuses	172,00 €	17,35 €

B) Pola retirada, transporte e custodia nos restantes casos

	Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas	Increment.diario por depósito e custodia
Motocicletas e Ciclomotores	58,00 €	4,55 €
Turismos e similares	114,00 €	8,50 €
Camións e autobuses	172,00 €	17,35 €
Contenedores	200,00 €	17,35 €

#### DISPOSICIÓN FINAIS

SEGUNDA.- A presente modificación entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas

#### **13(1035).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe da directora de Ingresos do 15.07.04, conformado polo interventor xeral accidental, e da resolución do concelleiro delegado de Economía e Facenda, do 26.07.05, polos que se propón a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola recollida do lixo, previo á aprobación de dita modificación polo Pleno da Corporación.

A Xunta de Goberno local aproba como proxecto a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola recollida do lixo:

#### ARTIGO 5 COTA.

2. A estrutura tarifaria é a seguinte:

##### A. VIVENDAS.

CÓDIGO	CONCEPTO	EUROS
139	Cota anual	71,65

##### B. ESTABLECEMENTOS

CÓDIGO	CONCEPTO	EUROS
1	Accesorios e vehículos, venda.	368,95
2	Alfombras e papeis pintados, Venda,	184,80
43	Almacéns frigoríficos e outros.	1.907,10

5 Artigos de pel, peleterías.	218,50
6 Artigos de viaxe.	235,15
7 Axencias de viaxe.	184,80
8 Bancos.	1.063,90
9 Bares e cafés de categoría especial.	385,10
91 Outros cafés e bares.	219,40
124 Bibliotecas, museos. salas de arte.	141,40
11 Bingos e outros xogos de azar	963,60
12 Bixuterías.	149,50
14 Bombonerías.	184,80
15 Cadros e molduras, lámparas.	220,15
16 Cafeterías.	644,70
17 Carnicerías	341,70
19 Cines.	483,35
20 Clubs, peñas e asociacións culturais	141,40
21 Colexios e academias de ensino, por planta.	141,40
22 Ídem. Ídem. con internado, por planta.	149,50
23 Colexios profesionais.	208,00
24 Comestibles (epígrafes. 647.1 e 647.2).	275,00
10 Comercio menor toda clase artigos, por planta.	385,10
140 Comercio menor toda clase de artigos de superficie inferior a 75 m2.	341,00
25 Confiterías,pastelerías e panaderías con obrador.	301,00
26 Consultorios.	184,80
125 Clínicas de día sen hospitalización.	369,75
27 Corte e confección, modistas e xastrerías.	219,40
28 Cristalerías.	208,00
29 Churrerías.	141,40
30 Depósitos e almacéns pechados ó público.	219,40
31 Discos e cintas de vídeo, venda e alugueiro.	309,00
32 Discotecas.	909,55
33 Droguerías.	301,00
34 Efectos navais.	369,75
35 Estacións de servicio.	554,15
36 Estancos.	141,40
37 Estudos fotográficos.	149,50
38 Farmacias e laboratorios.	219,40
39 Ferrancharías, chatarrerías.	301,00
40 Ferreterías.	369,75
41 Florerías e paxarerías.	184,80
42 Fotografía, venda de material.	297,30

44 Froiterías, herboristerías.	184,80
45 Garaxes privados, ata 3 prazas	71,65
46 Ídem. de 4 a 25 prazas.	125,25
47 Ídem. de máis de 25 prazas.	162,90
48 Garaxes públicos	275,70
49 Garaxes públicos con lavado.	369,75
50 Gasolineiras, por cada surtidor.	75,85
126 Granxas de animais.	341,70
51 Hoteis e moteis de catro estrelas.	1.541,90
52 Hoteis e moteis de tres estrelas.	1.155,85
53 Hoteis e moteis de dúas e unha estrela.	926,05
54 Hoteis-apartamentos e aloxamentos Turísticos extra hoteleiros e cámpings.	734,05
55 Imprentas e litografías.	369,75
56 Instrumentos musicais.	219,40
58 Librerías.	297,30
59 Loterías, administracións de.	141,40
60 Maquinaria diversa, venda e exposición	369,75
61 Material eléctrico e electrodoméstico, ordenadores.	297,30
62 Material de construción.	369,75
63 Mobiliario de oficina, venda e exposición.	440,00
9. Supervisar a rede e os equipos contra incendios titularidade da Autoridade Portuaria de Vigo, actuais e futuros, con inspeccións mensuais, dando conta desas inspeccións á Autoridade Portuaria.

10. Participar en cursos promovidos pola Autoridade Portuaria, sempre que as necesidades do servizo o permitan.

### CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Dentro do prazo de quince días, a contar dende a data da sinatura do presente convenio, se creará unha Comisión Mixta de seguemento e control da execución do convenio, que resolverá as controversias que poidan xurdir.

A comisión de seguemento estará formada por dous membros, un nomeado pola Autoridade Portuaria de Vigo e outro por parte do Servizo de Bombeiros.

### QUINTA. INTERPRETACIÓN E CUMPRIMENTOS.

O incumprimento das obrigacións contraídas no presente convenio por calquera das partes facultará á outra para deixalo sen efecto e reclamar a indemnización dos danos e prexuízos que corresponda.

### SEXTA. VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, extendéndose a súa vixencia por tempo indefinido, sen prexuízo de que a Autoridade Portuaria poida desistir do mesmo en calquera momento, outorgando un prazo máximo de seis meses para a liquidación e efectividade da revogación. Asimesmo o Municipio poderá desistir cun preaviso de seis meses de antelación.

Leído este convenio as partes, en proba da súa conformidade, o asina en duplicado na data e lugar indicados no encabezamento.

**34(1056).- PRÉSTAMO DE OBRAS DE CARLOS MASIDE AO MUSEO DE BELLAS ARTES DA CORUÑA PARA A EXPOSICIÓN “TINO GRANDÍO E A ARTE DA SÚA ÉPOCA” QUE SE REALIZA DO 24 DE OUTUBRO DE 2005 E 31 DE XANEIRO DE 2006. EXPTE 1511/337.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o préstamo temporal das obras Néboa, de Tino Grandío, nº inv. 546; A fiestra, de Colmeiro, nº inv. 394; Lavadeiras, de Maside, nº inv. 396, asignadas ao museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, ao Museo de Belas Artes de A Coruña para a exposición “Tino Grandío e a arte da súa época” a celebrar entre o 24 de outubro de 2005 e 31 de xaneiro de 2006 no citado museo; conforme coas condicións habituais de préstamo establecidas polo municipal, dando coñecemento deste préstamo ó padroado do museo na primeira xuntanza que se convoque.

**35(1057).- PRÉSTAMO DE OBRAS DE CARLOS MASIDE AO AUDITORIO DE GALICIA PARA A EXPOSICIÓN “OS ARTISTAS DE ANXEL CASAL” QUE SE REALIZA DO 1 DE OUTUBRO O 30 DE NOVEMBRO DE 2005. EXPTE. 1639/337.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal Quiñones de León, do 06.06.05, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o préstamo temporal ao AUDITORIO DE GALICIA, das obras de Carlos Maside; asignadas ao museo municipal de Vigo “Quiñones de León”; cos nº s inv. 411, 300, 410; para a exposición “OS ARTISTAS DE ANXEL CASAL”, a celebrar nesa dependencia entre o 1 de outubro e 30 de novembro de 2005; conforme coas condicións habituais de préstamo establecidas polo museo municipal; dando coñecemento deste préstamo ó padroado do museo na primeira xuntanza que se convoque. Asimesmo denégase o préstamo da obra de Manuel Colmeiro nº inv. 390, por atoparse prestada ata o mes de febreiro de 2006.

**36(1058).- ADXUDICACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN FURGÓN PARA O PARQUE MÓBIL MUNICIPAL. EXPTE. 3229/445.**

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 30.05.05 acorda declarar deserto o procedemento negociado para a contratación da subministración dun furgón para o parque móbil e proceder a contratación a través doutro procedemento negociado.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 27.06.05 certifica que durante o prazo sinalado no oficio da Oficina de Contratación presentáronse as seguintes proposicións no Rexistro Xeral: Comercial Automoto S.A.

A Mesa de Contratación en sesión do 27.06.05 procedeu á apertura da oferta presentada, outorgandolle un prazo de tres días para subsanar os erros na súa documentación. Na sesión do 11.07.05, a Mesa de Contratación, admite a proposta e a pasa a informe-proposta do Parque Móbil, que foi emitido polo xefe deste Servizo con data 1.08.05, que formula a proposta que consta na parte dispositiva deste acordo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co informe-proposta do xefe do Servizo do Parque Móbil, acorda:

Adxudicar a “Comercial Automoto S.A.” da subministración dun furgón “Citroen Jumper 2.2 HDI CF (100 CV) 9 prazas”, de acordo coa súa oferta de 10 de maio de 2005 e as bases técnicas redactadas polo Parque Móbil e o importe de 21.650 € (IVE engadido).

#### **37(1059).- SOLICITUDE DA EMPRESA CONTENUR DE REVISIÓN EXTRAORDINARIA DE PREZOS DO CONTRATO DE INSTALACIÓN, LIMPEZA E MANTEMENTO DE COLECTORES E PAPELEIRAS. EXPTE. 17335/240. DENEGADA.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnico de Administración Especial do 21.07.05, conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

*D. Carlos Callejo García, en nome e representación da empresa Contenur, en escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, nº doc 5008742, solicita, como adxudicatario do contrato de servizo de “instalación, limpeza e mantemento de contenedores e papeleras dentro de termo municipal de Vigo, a revisión de prezos do mesmo, para a anualidade setembro de 2004/setembro 2005.*

*A revisión solicitada consta de dúas partes, por un lado a revisión ordinaria de prezos e por outro, a revisión extraordinaria de dito prezo contractual, motivada, esta última, polo incremento no número de unidades de contenización producido posteriormente á adxudicación do contrato, ou dos fixados na última revisión de prezos aprobada do contrato, que neste caso foi en sesión da Xunta Local de Goberno de data 7 de febreiro de 2005.*

*Ambas dúas revisións, están previstas no prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación, así na cláusula VI deste, na que se recolle os supostos que darían lugar a mesma, manifesta textualmente:*

*A) revisión Ordinaria:*

*1a) A revisión do prezo do contrato terá carácter anual.*

*1b) A revisión Ordinaria do contrato efectuarase conforme ás variacións que experimente o IPC ( Índice de Prezos o Consumo no conxunto Nacional), en cada periodo anual contractual, a partir da data que proceda segundo precepto citado.*

*A vista do cal a revisión ordinaria, para a anualidade solicitada, ano 2005, sería o resultado de aplicar ó prezo actualmente vixente do contrato, o IPC da anualidade anterior, 2004, que segundo datos facilitados polo INE foi do 3,2%.*

*O prezo que actualmente está vixente, foi aprobado pola Xunta Local de Goberno de data 7 de febreiro de 2005, e nela acordabase fixar o prezo contractual, a partir do 1 de xaneiro de 2004, na cantidade de 2.108.084,29 euros/ano.*

*O prezo revisado, a vista do anterior, para o ano 2005, a partir do 1 de xaneiro dese ano, será de 2.175.542,99 euros.*

**B) Revisión extraordinaria:**

*O contratista terá derito a revisións extraordinarias do prezo contractual no suposto de que o valor dos elementos instalados coa conformidade do Concello, segundo os prezos ofertados polo adxudicatario para cada un dos elementos que integran a oferta, supere nun 5%, como mínimo, ó dos instalados inicialmente, ou dos que se tiveran en conta para a última revisión ordinaria”.*

*Unha vez feita a aclaración anterior, no informe emitido polo Xefe do servizo de limpeza, confirma o aumento no número de unidades de colectores ampliados e instalados perante o ano 2004, dos que a empresa solicita o seu pago, ascendendo tal ampliación a cantidade de 33.354,15 euros.*

*Tal como se menciona neste apartado, para que proceda o suposto da revisión extraordinaria, é necesario, que o valor das novas instalacións supere, como mínimo nun 5% das iniciais, ou das aprobadas na última revisión extraordinaria.*

*Segundo antecedentes que constan no expediente o nº de unidades aprobadas e valoradas na anterior revisión foi de 2.108.084,29 euros/ano, e o número de unidades ampliadas valoradas, durante o ano 2004, foi de 33.354,15 euros, do que se desprende que o incremento producido de 1,6% non alcanza o 5% esixido no prego de condicións que rexeu a contratación e polo tanto non procede tal revisión extraordinaria.*

*A parte da non procedencia de dita revisión polo concepto do incremento no valor das mesmas superior a un 5%, e de mencionar que no acordo da Xunta de Goberno Local de data 7 de febreiro de 2005, no apartado terceiro do mesmo, recollíase, en concordancia co prego de cláusulas administrativas e técnicas que rexeron a contratación, que calquer nova colocación, substitución ou retirada de elementos de contenierización ou papeleras, deberá conter proposta do Xefe do servizo de limpeza, xustificando as novas instalacións e autorizadas, por decreto do Concelleiro Delegado do servizo, dando conta trimestralmente, á Xunta de Goberno Local de ditas modificacións para a súa ratificación.*

*A vista que no expediente non figuran tales autorizacións deduceuse que as novas instalacións foron efectuadas sin autorización previa, advirtindo neste sentido, que no suposto que se alcanzase o incremento requerido, ó non estar autorizadas as instalacións polo Concelleiro delegado de servizo e ratificadas pola Xunta Local de Goberno, non se autorizaría a revisión do prezo polo concepto de “revisión extraordinaria”, xa que se tratara dun gasto que non conta cón autorización do órgano competente, neste caso o Concelleiro delegado de servizo, debendo ser obxecto dun recoñecemento extraxudicial de créditos.*

*Polo exposto anteriormente, previo informe da Intervención Xeral, propónse a Xunta Local de Goberno deste Concello, a adopción do seguinte acordo:*



1º.- Denegar a revisión extraordinaria do prezo do contrato de instalación, limpeza e mantemento de contenedores e papeleras do Concello de Vigo, adxudicado a empresa Contenur, polo Pleno deste Concello, en sesión celebrada o 29 de xullo de 2002, polo incremento en unidades valoradas de elementos de contenerización de 33.354,15 euros, o non acadarse o 5% esixido no prego de condicións que rexeu a contratación, ademais de tratarse dun gasto que debería contar coa autorización, mediante decreto, do Concelleiro deegado do servizo de Limpeza, e que non conta coa mesma.

2º.- Aprobar a revisión ordinaria do prezo do contrato de instalación, limpeza e mantemento de contenedores e papeleras do termo municipal de Vigo fixando o mesmo, a partir do 1 de xaneiro de 2005, na cantidade de 2.175.542,99 euros/ano.

3.- Reiterar unha vez mais, que calquer nova colocación, substitución ou retirada de elementos de contenerización ou papeleras, deberá conter proposta do Xefe do servizo de Limpeza, xustificando as novas instalacións e autorizadas por Decreto do Concelleiro Delegado do servizo, dando conta, trimestralmente, a Xunta Local de Goberno de ditas modificacións, para a súa ratificación, requisito que de non contemplarse podería dar lugar a que se rexeite a revisión de prezos extraordinaria.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **38(1060).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS, REFERENTE AO CÑO. DA GARABULLA. EXPTE. 17136/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 11.08.05, conformado pola xefa de réxime interior e o concelleiro de Patrimonio, que di o seguinte:

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).
- L 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).
- L 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RD 24 xullo de 1889 do Còdigo Civil (CC).
- L 4/1994 de 14 de setembro de Estradas de Galicia (LEG)
- RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local (TRRL)
- RD 2568/1986 de 28 de novembro, do Regulamento da Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais. (ROFRXEL).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

#### ANTECEDENTES:

*PRIMEIRO.- Dña. Purificación Alonso Posada, mediante escrito con entrada no Rexistro Xeral do Concello manifesta a errònea inclusión no Inventario de Vías Públicas municipais dun camiño que responde ò camiño de Garabulla-Bembrive, ò considerar que non se trata dunha vía pública, interesando a súa rectificación.*

*SEGUNDO.- Na instrucción do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais pertinentes, emitíndose diversos informes por parte dos técnicos e servizos municipais competentes, Arquitecto de Patrimonio, a Oficina do Inventario Municipal e o Servizo de Cartografía, nas diversas materias que poideran incidir no obxecto do expediente e na resolución que finalmente deban adoptar os Órganos competentes desta Administración.*

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

*PRIMEIRO.- O camiño obxecto do presente expediente de rectificación, consta incluído no Inventario municipal de bens e dereitos, aprobado por acordo plenario en data 04-05-1993, no epígrafe I- Inmóbles-Vías Públicas coa seguinte descrición nas fichas técnicas e reflectidos na planimetría de viais de dito Inventario municipal:*

*-Camiño Garabulla, con orixe na Rúa Monte Calvario e final na finca nº 231, con unha lonxitude de 195,00 metros.*

*SEGUNDO.- O Inventario municipal de bens e dereitos deste Concello foi aprobado definitivamente por acordo Plenario de data 4 de maio de 1.993, e con referencia ó 31 de decembro de 1.991, datando a súa aprobación inicial acordada polo Pleno Municipal o 19/12/1.992, e tendo sido sometido a información pública polo prazo regulamentario para coñecemento e formulación de todas aquelas alegacións que na defensa dos seus dereitos e intereses poideran manifestar os administrados. È de reseñar que durante ese período de información pública non consta que se formulase ningunha alegación en relación a inclusión no Inventario municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente às vías públicas o camiño agora discutido, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do Inventario municipal, e do que resultou en consecuencia a consideración de tal vía como pública de titularidade municipal integrantes do patrimonio municipal da súa condición de bens de dominio público afectos ó uso público. Acordo Plenario da aprobación definitiva que deviu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e gozando da lexitimidade, validez e executividade que o noso Ordenamento Xurídico lle atribúe (Art. 56 e 57 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.*

*TERCEIRO.- Os bens de dominio público veñen regulados no noso Ordenamento Xurídico, tanto na normativa xurídica de réxime local como en normas de dereito privado, e lexislación sectorial.*

*Así a Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de Réxime Local (modificada por Lei 11/99) dispón no Art. 79.2 e 3, que os bens das Entidades Locais son de dominio público ou patrimoniais, resultando os de dominio público os destinados à uso ou servizo público. Así mesmo o Art. 80 sinala que os bens comunais e demais bens de dominio público son inalienables, inembargables e imprescriptibles. No mesmo senso pronúnciase a Lei 5/97 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia no Art. 263, concretando como bens de uso público local os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, fontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral dos que a conservación e policía sexan competencia da Entidade Local. Igualmente nos mesmos termos recóllese no R.D. 1.372/86 de 13 de xuño do Regulamento das Entidades Locais (Art. 2, 3 e 5).*

*Por outra banda o Código Civil igualmente configura como bens de uso público nas Provincias e Pobos os camiños provinciais ou veciñais, as prazas, rúas, fontes e augas públicas, paseos e obras públicas de servizos xerais, costeadas polos mesmos pobos ou provincias. Na Lexislación de estradas de Galicia (LEG) faise mención òs camiños de servizo tanto os de titularidade dominical pública como os construídos por persoas ou entidades*

privadas, e a súa transición ò uso público cando as circunstancias concorrentes nos camiños así o permita e o interese xeral o demande.

CUARTO.- Neste marco normativo sitúanse os medios e facultades de que se dispón para garantir a protección e defensa do patrimonio das Entidades Públicas na defensa do interese xeral o que serve. Entre elas resulta de relevancia a obriga que se impón ás Administracións Locais da formación dun inventario onde se rexistren tódolos bens e dereitos que constitúen o seu patrimonio, como se recolle na LALG no seu Art. 278, e no Art. 17 do RBEL, onde se preve que o inventario dos bens inmoebles comprenderan as vías públicas cos datos necesarios para a súa individualización, límites, longura e anchura (Art. 20 g).

QUINTO.- O presente expediente de rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos ten como finalidade a determinación da correcta inclusión no epígrafe I de vías públicas do camiño en cuestión e en atención o seu uso público, ou pola contra non concorre dita condición de uso público e consecuentemente procedería a súa rectificación inventarial dándoo de baixa. Neste senso a controversia céntrase na configuración ou non dese camiño como público pola súa afectación ó uso público en xeral e polo tanto dunha posesión pública por parte deste Concello, sen que proceda entrar en cuestións de dereito privado que poidan plantexarse, ó ser competencia para seu coñecemento e resolución, sobre titularidades dominicais ou cuestións de propiedade, a xurisdicción civil como reiteradamente xa ven declarando a Xurisprudencia do Tribunal Supremo.

SEXTO.- Tendo en conta que a Administración Local ten plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos dispoñendo igualmente da facultade da prescripción adquisitiva contemplada no noso ordenamento xurídico (art. 5 da LRBRL, art. 270 e 275 da LALG, arts. 8.4.c, 9, 14.1 do RBEL e art. 1940 e ss. do CC). Así coma a súa obriga da protección, defensa e reivindicación dos seus bens e dereitos sen que poida allanarse as demandas formuladas contra eles (art. 5, 68.1 da LRBRL, art. 270, 284.2, 285 da LALG, art. 220 ROFRXAL, e art. 9 e 73 do RBEL).

SETIMO.- Centrada polo tanto a cuestión na afectación de dito camiño ò seu destino ò uso público, e na posesión pública e pacífica que esta Administración exerce sobre os mesmos, pòdese considerar que o tramo final do Camiño de Garabulla obxecto do presente expediente se ben figura como vía pública no Inventario municipal de bens e dereitos do ano 1993, discorre polo interior dunha finca particular pechada con portalon, non apreciándose a concorrencia de circunstancias das que se poida deducir a aparencia do uso público e posesión municipal do devandito tramo.-

A teor do exposto, procede a rectificación do Inventario municipal de vias, nunha lonxitude dos últimos 80 metros do Camiño da Garabulla, ó discorrer polo interior dunha finca particular, tal e como resulta do informe do servizo de cartografía do Concello de data 24 de xuño do 2005

OITAVO.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do presente expediente, a Xunta de Goberno Local (art. 127.1.f da LRBRL), debéndose dar traslado ò Pleno Municipal para a súa consideración na aprobación e rectificación anual do Inventario Municipal como órgano que ten atribuído ditas competencias (art.278 LALG e art. 33 do RBEL).

Por todo o anteriormente exposto propónse á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

“1º Autorizar a rectificación do Epígrafe 1 Vias no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, do tramo final do Camiño da Garabulla, nunha lonxitude de 80 metros, anulando a súa consideración como vía pública ò percorrer por finca privada, dacordo co informe do servizo de Cartografía.

2º.- Somete-la rectificación a información pública polo prazo regulamentario.

3º.-Dar traslado do presente acordo o Pleno Municipal para o seu coñecemento e consideración na revisión anual do Inventario municipal de viais”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **39(1061).- PREGO E CONDICIÓNS PARA A SUBMINISTRACIÓN DE SISTEMA CENTRALIZADO DE COMUNICACIÓNS PARA POLICÍA E BOMBEIROS. EXPTE. 2087/113.**

Este expediente incluíuse por erro na orde do día.

#### **40(1062).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA ALAMEDA DA RÚA ATALAIA. EXPTE. 3078/446.**

##### Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 2.05.05 acorda aprobar o expediente para a contratación das obras do proxecto de axardinamento na rúa Atalaia (parcela municipal a carón do Instituto do Castro).

A Mesa de Contratación en sesión do 26.07.05 procedeu á apertura da documentación presentada (empresas: Xestión Ambiental de Contratas, Obras y Construcciones Dios, CESP, CALFENSA, COVSA, Sercoysa) admitindo as propostas e pasándoas a informe do enxeñeiro de Montes, que foi emitido con data do 05.08.05, propoñendo como adxudicataria á empresa CESP.

En sesión do 17.08.05 a Mesa de Contratación, á vista do devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Cespa, S.A. o concurso para a execución das obras de construción de alameda na rúa Atalaia por un importe de 96.999,00 euros e un prazo de garantía de 8 anos. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 02.05.2005 e a oferta presentada.

#### **41(1063).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA. EXPTE. 10887/444.**

##### Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 11.04.05 acorda aprobar o expediente para a contratación por concurso da subministraicón de enerxía eléctrica para o servizo de Electromecánicos.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 24.06.05 certifica que durante o prazo sinalado nos anuncios publicados no DOUE nº S83, BOE nº 112, DOG nº 113 e no BOP nº 88 de

datas 28 de abril, 11 de maio, 14 de xuño e 9 de maio, presentáronse as seguintes proposicións no Rexistro Xeral: Unión Fenosa Comercial S.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 27.06.05 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo a proposta e pasándoa a informe do xefe dos Servizos Electromecánicos, que foi emitido polo enxeñeiro Industrial municipal con data 29.07.05, proponendo a adxudicación da subministración de enerxía eléctrica á oferta presentada.

En sesión do 8.08.05 a Mesa de Contratación, á vista do devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Unión Fenosa Comercial, S.L. o concurso para a subministración de enerxía eléctrica para o Concello de Vigo por un importe anual estimado de 2.842.872,06 euros e un prezo de referencia a efectos de regularización anual de facturación de subministrados eléctricos en mercado libre (PRE) de 3,30 céntimos de euro. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 11.04.05 e a oferta presentada

### **42(1064).- ADXUDICACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL PARA O XIMNASIO DE BOMBEIROS. EXPTE. 361/213.**

#### Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 6.06.05 acorda aprobar o expediente para a contratación da subministración e instalación de equipos para o ximnasio dos bombeiros do Concello de Vigo.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 4.07.05 certifica que durante o prazo sinalado no oficio da Oficina de Contratación presentáronse as seguintes proposicións no Rexistro Xeral: 1) El Corte Inglés, División Comercial, 2) Arquitectura de Tecnología e Infraestructuras.

A Mesa de Contratación en sesión do 4.07.05 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo a proposta presentada por El Corte Inglés S.A. e concedendo un prazo de tres días para subsanación de erros na documentación de Ati Galicia S.L.

Con data 27.07.05 o xefe do Servizo de Extinción de Incendios emite informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co devandito informe, acorda:

Adxudicar a El Corte Ingles a subministración e instalación de equipos para o ximnasio dos Bombeiros do Concello de Vigo polo importe de 29.200 € conforme ao prego de condicións aprobado pola Xunta de Goberno local en acordo de 6 de xuño de 2005.

**43(1065).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA O ALLEAMENTO DA PARCELA MUNICIPAL SITUADA NO PERI 4, BARREIRO 2. EXPTE. 13700/220.**

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 21.02.05 acorda aprobar o expediente para a contratación de compravenda para o alleamento por procedemento negociado da parcela edificable municipal no PERI 4 Barreiro 2 en Lavadores-Vigo.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 27.07.05 certifica que durante o prazo sinalado no oficio da Oficina de Contratación presentáronse as seguintes proposicións no Rexistro Xeral: 1) Eduardo Chao Promoción de Vivendas Protexidas S.L. Unipersonal, 2) Brues y Fernández Construcciones S.A. e 3) Inmobiliaria Urbis S.A.

A Mesa de Contratación en sesión do 1.08.05 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo as propostas e pasándoas a informe da Xerencia Municipal de Urbanismo, que foi emitido polo arquitecto municipal, Sr. Piñeiro Ferradas, con data 9.08.05, proponendo como adxudicataria a Eduardo Chao promoción de vivendas protexidas S.L. Unipersonal.

En sesión do 17.08.05 a Mesa de Contratación, á vista do devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Enaxenar a parcela propiedade do concello de Vigo situada no Plan Especial de Reforma Interior PERI 4 BARREIRO 2 do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo de 4.000 m<sup>2</sup> e unha edificabilidade de 13.500 m<sup>2</sup>.c para o seu destino á construción de 100 vivendas de protección autonómica, a favor de Eduardo Chao promoción de vivendas protexidas S.L. Unipersonal por un prezo de 2.732.000 euros sen IVE.

O IVE que terá que ingresar no concello o adxudicatario terá como base impositiva a suma do prezo de adxudicación máis o custo de urbanización das obras. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 21-02-2005 e a oferta presentada.

**44(1066).- RECLAMACIÓN DE D. JESÚS A. TORRES SALGADO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16361/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do 19.08.05, conformado pola xefa da Area de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dona M<sup>a</sup> Asunción Vicente de Foronda, en nome e representación do seu marido don Jesús Antonio Torres Salgado, presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 12 de xuño de 2003, polos danos causados ó vehículo da súa propiedade Volkswagen Passat matrícula 1523-BBJ, estando estacionado o día 7 de xuño do mesmo ano na rúa Islas Baleares, á altura do nº 24, ó ser golpeado polo brazo hidráulico do camión do lixo.*

*A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía Local, de data 28/06/2003, no que os axentes actuantes manifestan que o vehículo da reclamante sufriu danos na defensa e no capó da parte posterior que segundo os axentes manifestan dada a proximidade do vehículo ó colector os golpes poderían ter sido causados polo brazo hidráulico do camión de limpeza.*
- Parte do servizo da Policía Local, de data 28/06/2003, manifestando que os axentes actuantes dirixíronse a base de F.C.C. onde lles informaron de que o camión encargado do baleirado de colectores na rúa Illas Baleares é o nº 1015. Seguidamente, localizan na praza de España dito camión que ten no seu brazo articulado de enganche unhas marcas de pintura azul recentes.*
- Evacuáase trámite de audiencia a Fomento de Construcciones y Contratas, empresa concesionaria do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza urbana e de praias, en data 29/09/2003, que manifesta non ser responsábel dos danos ocasionados ó vehículo xa que o conductor do camión encargado da recollida no lugar do accidente fai constar no parte de traballo da noite do presunto accidente que o vehículo xa estaba golpeado antes de comenzo o baleirado do colector.*
- Informe do Parque Móbil, de 28/09/2004, comunicando que os prezos contidos na factura nº 1968/03 de Talleres A. Pena, presentado pola reclamante, por un importe de 429,25 euros, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- .Evacuáase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 07/12/2004, reiterando que estacionara correctamente e sen danos o seu vehículo.*

*Fundamentos de dereito:*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- c) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O dano prodúcese no marco do servizo público de recollida de residuos sólidos urbanos. O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión*

celebrada o día 29 de setembro de 2000, outorgou concesión administrativa do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza urbana e de praias á empresa Fomento de Construcciones y Contratas S.A. Dado que os presuntos danos orixináronse no marco dun servizo público asumido por un concesionario, é preciso deslindar a imputabilidade da Administración e do concesionario, para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o prexudicado. A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso a empresa concesionaria.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de Responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Sobre esta base e á vista do expediente, pode constatarse que se produce unha absoluta ausencia de actividade probatoria por parte do reclamante, limitando a súa argumentación á descripción dos feitos e a presentación da factura da reparación do vehículo e dunhas fotografías do mesmo no suposto lugar dos danos. Estes documentos proban que o vehículo estivo aparcado na rúa, próximo a un colector e que presentaba determinados danos, pero non que os mesmos foran causados polo brazo articulado do camión de recollida de lixo, e polo tanto a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración. Dado que a Policía Local acudiu o lugar dos feitos despois do presunto accidente, polo que os axentes actuantes non presenciaron o mesmo, nin existe ningunha testemuña presencial dos feitos, a informante estima que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación. Respecto as opinións dos axentes da Policía Local sobre a presenza de restos de pintura recente no camión que efectúa a recollida do lixo na zona do accidente que poideran pertencer ó vehículo do reclamante, hai que precisar que trátase de simples apreciacións persoais que en modo ningún constitúen proba que desvirtúe o parte de traballo do conductor de Fomento de Construcciones y Contratas, supostamente responsábel dos danos, onde se manifesta que o vehículo xa presentaba danos antes de proceder ó baleirado do colector.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona M<sup>a</sup> Asunción Vicente de Foronda en nome e representación de don Jesús Antonio Torres Salgado, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **45(1067).- RECLAMACIÓN DE D. DAVID MARTÍNEZ BLANCO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 148/243. RESPONSABLE ESTACIONAMENTOS E SERVIZOS S.A.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do 18.08.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*



Don David Martínez Blanco presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 21 de abril de 2004, no que expón que o día 19 de abril do mesmo ano, o seu ciclomotor Typhoon Piaggio matrícula C-1399-BFT foi retirado polo guindastre municipal do parking da avenida de Samil. Ó retiralo do depósito municipal faltábanlle as seguintes pezas: pico, maneta de freo, faros, pinza de freo dianteiro, gardalama, instalación eléctrica, bloqueo roto ou forzado, batería, quilla, estriberas e as pechaduras estaban totalmente forzadas.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe de Estacionamientos y Servicios S.A. (EYSA), empresa concesionaria do servizo de retirada, depósito e custodia de vehículos mal estacionados na vía pública, de data 25/08/2004, manifestando que unha vez consultados os seus arquivos e o conductor que remolcou o vehículo, non se fan cargo dos danos reclamados, por seren previos á retirada do vehículo. Co informe achegan parte de retirada e ficha do ciclomotor.
- Informe de Estacionamientos y Servicios S.A. (EYSA), de data 06/09/2004, comunicando que non pode presentar as fotografías do vehículo por problemas técnicos no revelado.
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 23/03/2005, solicitando novo informe de EYSA posto que no momento de enganche do vehículo fíxose constar que faltaba o cadro de instrumentos e no momento da súa retirada do depósito o empregado fixo constar en observacións que faltaban outros elementos do ciclomotor. Solicita, así mesmo, que se cite o empregado do depósito que lle fixo entrega do vehículo, que anotou as pezas que faltaban no documento de retirada.
- Cítase para a práctica da proba testemuñal á testemuña proposta, que non comparece.
- A vista da incomparencia da testemuña, solicítase a EYSA novo informe realizado pola mesma, informe que non se achega.
- Informe do Parque Móbil, de 27/06/2005, manifestando que os prezos contidos no presuposto de talleres Motos Vila por un importe de 1.456,04 euros, son correctos e proporcionais á descripción dos danos. O valor venal do ciclomotor estímalo en 1.500 euros.
- Evacuase trámite de audiencia á EYSA en data de 22/07/2005 e non formula alegacións.

*Fundamentos de dereito:*

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público,

determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas (artigo 25.2.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión celebrada o día 27 de xullo de 1994, outorgou concesión administrativa do servizo de retirada de vehículos da vía pública á empresa Estacionamientos y Servicios, S.A.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso a empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación pode ser imputada á empresa Estacionamientos y Servicios, S.A., na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de retirada de vehículos da vía pública, xa que os desperfectos do ciclomotor presúmese que foron producidos no depósito municipal de vehículos, dado que no parte de retirada do vehículo faise constar que ó ciclomotor faltalle o cadro de instrumentos e no momento da retirada do vehículo do depósito no documento de autoliquidación da taxa pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos, no apartado de observacións faise constar que ó ciclomotor fáltanlle: pico, maneta, faros, pinza freo dianteiro, gardalamas, instalación eléctrica, bloqueo, batería, quilla e estribas. Nun primeiro informe achegado ó expediente EYSA manifesta que non se fai cargo dos danos reclamados, por seren previos á retirada do vehículo, mais o certo é que se lle concederon diversas ocasións para probar este extremo e non o probou: non presentou fotografías que demostrasen que o ciclomotor tiña esos danos antes do enganche por problemas técnicos no revelado, o empregado do depósito que ó entregar o ciclomotor fixo constar no parte os danos que presentaba o mesmo non compareceu a testificar tras ser citado en forma por esta Administración, solicitouse entón novo informe á empresa elaborado por este empregado e non se enviou, polo que non se desvirtuou a afirmación do reclamante de que a relación de pezas que lle faltaban ó ciclomotor foi escrita polo empregado do depósito.

Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xunio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais, 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel e consonte ó artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no parágrafo 2º do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co parágrafo 2º do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. David Martínez Blanco polos danos materiais sufridos no seu vehículo matrícula C-1399-BFT.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a Estacionamientos e Servizos, S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de recollida de vehículos, de conformidade co establecido nos artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xunio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais, 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Legislativo

2/2000, de 16 de xuño e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa, debendo a dita empresa indemnizar ó reclamante na contía de 1.456,04 euros, correspondente ó valor de reparación do seu ciclomotor”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **46(1068).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. NATIVIDAD T. BERMÚDEZ GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS.EXPTE. 314/243.DESETIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do 22.08.05, conformado pola xefa da Area de Réxime Interior, que di o seguinte:

##### *Antecedentes:*

*Dona Natividad Teresa Bermúdez González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 9 de setembro de 2004, solicitando unha indemnización polos danos e perdas ocasionados por mor dunha caída sufrida o día 24 de agosto do mesmo na avenida das Camelias na confluencia coa rúa Sergio Saborido por mor dunhas lousetas levantadas. Coa reclamación achega un parte de asistencia no servizo de urxencias do hospital Povisa, fotografías do lugar do presunto accidente e unha factura dunhas lentes.*

*A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 16/09/2004, manifestando que “a zoa en mal estado é visíbel a longa distancia e evitábel gardando a dilixencia debida”.*
- *Informe da Policía Local, de data 25/11/2004, manifestando que non teñen constancia dos feitos denunciados.*
- *Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, de data 18/01/2005, cuantificando os mesmos en 2.658,95 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 03/02 2005 e non formula alegacións.*

##### *Fundamentos de dereito:*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspondelle ó reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de Responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de*

*instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local por se tivesen constancia do accidente, dado que a reclamante non presenta testemuñas presenciais do mesmo nin consta tampouco a intervención do servizo de emerxencias do 061.*

*Sobre esta base e á vista do expediente, pode constatarase que se produce unha absoluta ausencia de actividade probatoria por parte da reclamante, limitando a súa argumentación a descripción dos feitos e a presentación do parte de asistencia médica e as facturas dos danos materiais que reclama. Do parte de asistencia no Servizo de Urxencias do hospital Povisa dedúcese que a reclamante sufriu determinados danos, pero non demostra en modo ningún nin o lugar da presunta caída nin a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración. Dado que a Policía Local non ten constancia do accidente nin existe ningunha testemuña presencial dos feitos, a informante estima que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de dona Natividad Teresa Bermúdez González, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non resultaren probados nin os feitos nin o nexo causal entre o dano e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello ”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **47(1069).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE E NOCTURNIDAD DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AOS MESES DE XUÑO E XULLO 2005. EXPTE 15935/220**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 25.08.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Area de Réxime Interior do 22.08.05 conformado pola alcaldesa acctal., a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ao persoal que figura nas relacións achegadas no expediente e que comezan por don Jesús Alfonso Sanmartín do servizo de cemiterios e termina por Villaverde Veleiro Jose B. do servizo de Bombeiros, os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 70.568,33 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes o mes de XULLO de 2005.

#### **48(1070).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULOS 1º E 2º TRIMESTRE DO ANO 2005. EXPTE 3194/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 25.08.05 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 22.08.05 conformado pola alcaldesa acctal. e a xefa da Area de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados por don Ramon Fernandez Campos, D. Alfonso Alonso Roríguez, D Camilo Gomez Soto, D Jose Nuñez Franco, D Adolfo Troncoso Campos, D Eduardo A Perez Da Silva, D Francisco Javier Lopez Arjona, D Jose Manuel Vila Bastos, D Gerardo Sanchez Vicente e D Jose Antonio Lodeiro Covelo, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficiais conductores, por un importe total de 1728,48 € (MIL SETECENTOS VENTIOITO EUROS CON COARENTA E OITO CENTIMOS), correspondentes o 1º e 2º TRIMESTRE do ano 2005 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS”.

**49(1071).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR SERVICIOS DA GRAN GALA DE POLICÍA LOCAL NO DÍA DE GALICIA CORRESPONDENTE AO ANO 2005. EXPTE 15933/220**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 18.08.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Area de Réxime Interior do 12.08.05 conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo recepción no Pazo de Castrelos co galo do “Día de Galicia”, aboarase o persoal da Policía Local que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por Dª Angeles Garrido Domínguez e remata por D. Antonio Torrado Rodríguez, por unha cantidade total de 436,88 €.

**50(1072).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR SERVICIOS DA GRAN GALA DE POLICÍA LOCAL CON MOTIVO DA RECEPCIÓN DAS AUTORIDADES DO JUAN SEBASTIÁN ELCANO. EXPTE 15934/220**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 18.08.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Area de Réxime Interior do 12.08.05, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da “Recepcion as autoridades do Juan Sebastian Elcano”, aboarase ao persoal da Policía Local que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por D Ruben García Caride e rematan por D Jose Manuel Sierra Castelo, por unha cantidade total de 436.88 €.

**51(1073).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DE D. ANGEL POSADA OITAVÉN POR CONDUCCIÓN DUN VEHÍCULO LIXEIRO MUNICIPAL - 1º TRIMESTRE 2005. EXPTE 11229/444**

Este expediente incluíuse por erro na orde do día.

**52(1074).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL POLOS SERVIZOS PRESTADOS POR CONDUCCIÓN DE MAQUINARIA PESADA 2º TRIMESTRE 2005. EXPTE 15930/220**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 18.08.05, e de acordo co informe-proposta da xefa da Area de Réxime Interior do 12.08.05 conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados polo persoal do Parque Móvil por manexar maquinaria pesada, correspondente ao 2º TRIMESTRE-2005, aboarase aos traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comenza por don Miguel Angel Alonso Alonso e remata por don Florentino Prieto Domínguez e que ascenden a un total de 1770.54 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS”

**53(1075).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE VÍAS E OBRAS DO PARQUE CENTRAL, POR CONDUCCIÓN DUN VEHÍCULO LIXEIRO, 2º TRIMESTRE 2005. EXPTE 15931/220**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervencion Xeral de 18.08.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Area de Réxime Interior do 12.08.05 conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados polo persoal de Vías e Obras que se relaciona

NP	NOME	IMPORTE
17779	Jose Luis Vazquez de Francisco	99.84
13787	Jose Manuel Martinez Gonzalez	196.56
13669	Daniel Dominguez Alonso	99.84

aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficiais conductores, as cantidades que figuran para cada un deles, por un importe total de 396,24 €, correspondentes ao 2º TRIMESTRE de 2005 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

**54(1076).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE SERVICIO DE DESINFECCIÓN, POR TOXICIDADE, CORRESPONDENTE AO MES DE XULLO DE 2005. EXPTE 15932/220**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervencion Xeral de 18.08.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Area de Réxime Interior do 12.08.05 conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase ao persoal adscrito ao Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comezan por Don José Ramón Seijas Álvarez e rematan por Don Rogelio Rocha Álvarez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de XULLO-2005 e que ascenden a un total 687'60 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

**55(1077).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DE D. JUAN A. BARREIRO VILA, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE 2005. EXPTE 15881/220**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervencion Xeral de 18.08.05 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos do 05.06.05 conformado pola Excma. Alcaldesa , a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer e aboar ao traballador D. Juan A. Barreiro Vila (núm. persoal 16484), con cargo á partida de produtividade, a a cantidade de 328,59 €, polas diferencias retributivas existentes entre os complementos específico e de destino asignados o seu posto de traballo e os asignados ó posto de operador de informática, correspondentes ó período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo de 2005.

**56(1078).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE XULLO 2005. EXPTE 15944/220**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervencion Xeral de 22.08.05, e de acordo co informe-proposta da xefa da Area de Réxime Interior do 17.08.05 conformado pola alcaldesa accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ó mes de xullo-2005, e que ascenden a un total de 598'24 €, con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

**57(1079).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO 2005. EXPTE 15942/220**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervencion Xeral de 22.08.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Area de Réxime Interior do 17.08.05 conformado pola alcaldesa accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servicio Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ó mes de XUÑO-2005, e que ascenden a un total de 598'24 €, con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

**58(1080).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR PRESTAR SERVIZOS EN RÉXIME DE XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DE VÍAS E OBRAS DO PARQUE CENTRAL, CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO 2005. EXPTE 15943/220**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervencion Xeral de 22.08.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Area de Réxime Interior do 17.08.05, conformado pola alcaldesa acctal., a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade de servizos prestados polo persoal do servizo de Vías e Obras, aboará se os traballadores que figuran na relación que se achegano expediente e que comeza por don Juan Carlos González Landesa e remata por dona M<sup>a</sup> Nieves Quinteiro Vázquez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de XUÑO-2005, e que ascenden a un total de 626,45 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

**59(1081).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR PRESTAR SERVIZOS EN RÉXIME DE XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE XULLO DE 2005. EXPTE 15945/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervencion Xeral de 22.08.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Area de Réxime Interior do 17.08.05 conformado pola alcaldesa accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de complemento de productividade de servizos prestados polo persoal do Servizo de Cemiterios, aboaranse aos traballadores que figuran na relación remitidas con data 1 de agosto do ano que andamos polo xefe do Servizo e debidamente conformadas pola alcaldesa do Concello de Vigo, que se achega e que comeza por D. Jesús Alfonso Sanmartín e remata por D. Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ao mes de xullo-2005, e que ascenden a un total de 1.021,75 €,con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.



**60(1082).- INFORME SOBRE O ESTUDO INFORMATIVO DA VARIANTE DO TRAZADO PORRIÑO-VIGO (CLAVE EI.4-PO-19). EXPTE. 975/400.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe sobre o “Estudo informativo da variante do trazado Porriño-Vigo (Clave EI.4-PO-19)” redactado polo director dos Servizos técnicos, D. Emilio García Rodríguez, que di o seguinte:

*INFORME SOBRE EL ESTUDIO INFORMATIVO DE LA VARIANTE DEL TRAZADO: PORRIÑO-VIGO (CLAVE EI.4-PO-19)*

*Ó obxecto de dar cumprimento ó especificado no artigo 10-1 da Lei de Estradas e 33-1 do seu Regulamento, emítase o presente informe que, así mesmo de acordo co exposto no artigo 10-4 da dita Lei “... deberá versar sobre las circunstancias que justifiquen su declaración de interés general de la carretera y sobre la concepción global de su trazado”*

*Polo que se refire á primeira de aquelas circunstancias nada hai que alegar dada a súa evidencia. En relación coa “concepción global do seu trazado” redáctase o presente informe que consta de 2 partes ben diferenciadas.*

*A 1ª de elas recolle as características físicas máis sobresaíntes do vial que nos ocupa e a 2ª as obxeccións que de aquel se consideran por parte dos servizos técnicos desta Xerencia de Urbanismo.*

*Seguindo pois, a pauta citada, pasamos a efectua-lo informe de ámbolos dous aspectos e a tal fin denominaremos Corredor Norte ás alternativas 1, 2 e 3 do documento e Corredor Sur ás alternativas 4 a 10 do mesmo.*

A)

*1º Corredor Norte. Alternativas 1, 2 e 3*

*A velocidade de proxecto de 80 km/h, parece como punto de partida moi limitativo, aconsellado pola horquilla do presuposto, de entre 90 e 130 millóns de euros.*

*Acceso dende a glorieta do Seminario ata o arranque do túnel, debe contar con tres carrís.*

*Acceso no enlace de Baruxáns, dende a A-55 sentido descendente de enorme complexidade para o carril esquerdo descendente.*

*Incide no Plan Parcial de Recaré.*

*Dentro dos municipios de Mos e Porriño, a sección debería tamén ter tres carrís por sentido, tendo en conta que o Ministerio xa estaba estudiando implantalo, polo menos en sentido ascendente.*

*Alternativas 1 e 2, enlaces en Baruxáns (norte), Mos e Porriño e alternativa 3, enlaces en Baruxáns (norte), Mos e Sanguñeda. Emprega aproximadamente 1000 metros da actual A-55 entre os enlaces de Mos e Sanguñeda. Este último enlace é en exceso complexo.*

Variante A

Secuencia de pendientes. 4% - 5% (900,-m) - 1% - Túnel 0,5% - Saída en transición ó 4% - 4% →

Lonxitude do túnel = 3.265,-m

Variante B

Secuencia de pendientes. 4% - 6% (1.600,-m) - 2% - Túnel 2% - 6% - →

Lonxitude do Túnel = 1.885, -m. Leito de freado P.K. 6 + 200 sentido Porriño.

Variante C

Secuencia de pendientes. 4% - 6% (900,-m) - 4%. Túnel 2% - 6% - →

Lonxitude del Túnel = 2.105,-m. Leito de freado ídem anterior.

2º Corredor Sur. Alternativas 4-10

A velocidade de proxecto de 80 km/h, parece como punto de partida moi limitativo, aconsellado pola horquilla do presuposto, de entre 90 e 130 millóns de euros.

Acceso dende a glorieta do Seminario ata o arranque do túnel, debe contar con tres carrís.

Acceso no enlace de Baruxáns, dende a A-55 sentido descendente, de difícil uso polo carril esquerdo descendente.

Impide o Plan Parcial de Baruxáns.

Estas alternativas encaixarían mellor co proposto no PXOM, para conexión deste corredor coa cidade no primeiro cinturón.

Dentro dos municipios de Mos e Porriño, a sección debería tamén ter tres carrís por sentido, tendo en conta que o Ministerio xa estaba estudiando implantalo, polo menos en sentido ascendente, xa a alternativa 10, si inclúe esa sección transversal e as alternativas 4, 5, 7 e 8 enlaces en Baruxáns (sur), Mos e Porriño.

Alternativas 6 e 9 enlaces en Baruxáns (sur), Mos e Sanguñeda. Empregan aproximadamente 1000 metros da actual A-55 entre os enlaces de Mos e Sanguñeda. Este último enlace é en exceso complexo, ou merece outro estudo.

Alternativa 10 enlaces en Baruxáns (sur) e Sanguñeda.

Variante A

Secuencia de pendientes. 4% - 0,75% - 5% (1.400,-m) - Túnel - 0,5% - 4% →

Lonxitude do túnel (alternativas 4, 5 y 6) = 3.225,-m. Pendente = 0,5%.

Lonxitude do túnel (alternativas 7, 8 y 9) = 3.360,-m. Pendente = 0,9%.

Lonxitude do túnel (alternativa 10) = 3.460,-m. Pendente = 1,3%.

A alternativa 10 A ocupa o quinto lugar como de menor impacto ambiental.

### Variante B

Secuencia de pendientes. 4% - 0,75% - 6% (2.000,-m / 1.900,-m / 1.900,-m) - Túnel - 1,3% - 5% - →

Lonxitude do túnel (alternativas 4, 5 e 6) = 2.865,-m.

Pendente = Entrada transición 6% ó -1,3%, resto ó -1,3%.

Lonxitude do túnel (alternativas 7, 8 e 9) = 2.910,-m.

Pendente = Entrada transición 6% ó -1,6%, resto ó -1,6%.

Lonxitude do túnel (alternativa 10) = 3.080,-m.

Pendente = Entrada transición 6% ó -2,6%, resto ó -2,6%.

Leito de freado en P.K. 1 + 650 sentido Vigo.

B)

Durante a elaboración do presente documento, o Concello de Vigo remitiu informe-contestación ó trámite de consultas previas relativas á Memoria Resumen de Impacto Ambiental (novembro 2004), así como veu mantendo contactos coa Demarcación de Estradas do Estado en Galicia e co equipo redactor do Estudio Informativo, con obxecto de advertir e poñer en coñecemento do Ministerio tódalas variables e características territoriais da zoa obxecto de estudio dentro do municipio de Vigo.

### Análise - Resume Estudio Informativo

Na aprobación provisional recoméndase como alternativas máis favorables as denominadas como “2c” e “5b” das desenvoltas no estudio informativo.

A alternativa “2c” conecta sobre a A-55 na zoa de Baruxáns-Bembrive. Discorre polo denominado corredor norte, ó norte do núcleo de Mosteiro - Bembrive, por detrás do Cemiterio.

Entra en túnel no pk 2+250 (1 quilómetro antes ca 5b). Desenvolve un túnel de 2105 ml de lonxitude.

A “5b” conecta sobre a A-55 na zoa de Baruxáns-Bembrive ó sur da anterior, e máis cerca do Seminario. Discorre por, e aproveita unha zoa moi comprometida e extensa, o actual curso do río Eifonso ata o pk 3+250 aproximadamente, onde entra en túnel. Desenvolve un túnel de 2865 ml de lonxitude.

Ambas as dúas alternativas conflúen na súa parte final, conformando a variante norte interior de Porriño e enlazando coa A-52.

No estudo informativo (cap8 Memoria, e apéndice 2 do Estudo de Impacto Ambiental) faise mención á redacción e revisión do planeamento xeral da cidade de Vigo (PXOM) e das previsións viarias que a este respecto se concretaron (en todo caso anótase que o PXOM foi aprobado inicialmente en decembro de 2004, -aínda que incorrectamente faise mención a que o foi o Avance, enténdese que por erro-).

O sistema xeral viario que se recolle do PXOM resúmese na consideración do trazado na Ronda de Vigo, que ten previsto enlazar coa actual A-55 na zoa do Seminario, así como a previsión dunha nova vía de penetración que serviría de enlace entre Vigo-Porriño, a Ronda de Vigo e o primeiro cinturón e Gran Vía, á altura de Finca do Conde; a este respecto se sinala en grandes liñas:

- Coméntase que respecto á vía de penetración reflectida no PXOM estudáronse as conectividades das alternativas propostas “2c” e “5b” a dita vía
- Respecto á Ronda de Vigo, reséñase tanto a previsión dunha orde de estudo para a reforma da intersección do Seminario, como a conveniencia de que esta se resolva a tres niveis; factor que, segundo se comenta, foi tido en conta á hora de prediseña-los enlaces entre a Variante de trazado e a actual A-55

Os criterios ambientais marcados na Memoria son a súa vez concretos; a este respecto se sinala (cap9 Memoria) para a alternativa “2c” que se trata dunha das máis favorables dende o punto de vista medioambiental, e na “5b”, que é a de menor afección sonora, non presenta incidencias ambientais considerables, pero “non se trata dunha das alternativas máis favorables”, ó destaca-la súa importante incidencia sobre ríos e ribeiras. Parece curioso, por iso mantense como referencia literal, entrecomillada, a forma de expresar as conclusións sobre ditas incidencias nesta alternativa.

En todo caso, os estudos de tráfico realizados sinalan para as dúas alternativas unhas IMDs de 37-38.000 veh/día (2009) e de 63-66.000 veh/día (2029), o cal sen dúbida manifesta a relevancia e necesidade da obra obxecto de estudo informativo.

Obsérvanse certas diferencias de trazado entre o plano de escala xeral OP-1 e os planos de detalle Op-2.1., polo menos na zoa da variante norte interior de Porriño, que se supón serán un error na edición do documento en pdf.

Na tramitación deste Estudo informativo o Concello de Vigo redactou un informe á Memoria Resumen de Impacto Ambiental, enviada ó Concello con obxecto de Consultas Previas pola Dirección xeral de calidade e avaliación ambiental, en setembro do 2004.

No dito informe (nov 2004) o Concello de Vigo, fai as seguintes consideracións, baseándose no PXOM en fase de redacción (aprobado inicialmente en decembro de 2004), que en liñas xerais expoñe:

- a) Considérense as proteccións e reservas previstas no PXOM en fase de revisión, tanto dende o punto de vista de ocupación e reserva de corredores, como de crecemento do solo ordenado e a vertebración da estrutura viaria da cidade.
- b) Co obxecto de posibilitar un esquema estruturado da rede viaria dentro do municipio de Vigo, así como mellora-la distribución de tráfico entre os distintos corredores e mellora-la diversificación dos actuais corredores, faise unha proposta de corredor para o acceso dende Porriño e propónse a súa vez un novo enlace viario entre dito acceso e o vial de Ronda, fóra do ámbito inmediato ó Seminario, e polo tanto á Avda. de Madrid.
- c) Para potencia-la funcionalidade do novo acceso a Porriño, propónse a prolongación do acceso Vigo-Porriño cara ó o interior consolidado da cidade, máis alá do distribuidor de Ronda, e se establece no PXOM unha reserva viaria en Sárdoma, que finaliza no entorno de Finca do Conde, enlazando có primeiro cinturón (Avda. de Antonio Palacios) e reservando seccións viarias amplas para o engarce con Gran Vía e Hispanidade.
- d) Sínálase que a diversificación de recorridos, xenera oportunidades evidentes tanto dende o punto de vista de niveis de servizo e seguridade vial, como dende a propia operativa da rede, eliminación de retencións e beneficio social.

### Consideracións ó Estudo Informativo

Establécense só as consideracións relativas directamente ó planeamento xeral da cidade - PXOM, tanto vixente (1993) como o que se encontra en trámite de información pública, con aprobación inicial de decembro de 2004.

- 1) *O Ministerio de Fomento debe ser consciente (dado que foi advertido en varias ocasións sobre o dito particular) que establece os enlaces sobre a A-55 ocupando polo menos parcial ou totalmente solos clasificados como urbanizables no PXOM do 93 (polo tanto en vigor). Estes sectores teñen ademais instrumentos de desenvolvemento urbanístico consolidados, e aprobados, nalgúns casos con licenza administrativa concedida. De feito o estado de ditos sectores concretáronse no extremo de que figuran como sectores urbanizables no novo PXOM en fase de aprobación, correspondendo a zoa de enlace na alternativa “2c” ó solo delimitado como APR A-7-02 RECARÉ, e no caso da “5b” como SPI-02 03-23 BARUXÁNS B. As afeccións que se provocarían no caso de confirmarse os trazados propostos na zoa de enlace, poderían derivar en peticións de indemnización, ou de expropiación axustada ó desenvolvemento avanzado da transformación urbanística, posibilidade que debería ser considerada e avaliada polo Ministerio, tanto dende o punto de vista administrativo como económico.*
- 2) *A alternativa “2c” non parece compatible, polo menos de forma directa, coa nova vía de penetración (tramo urbano de Vigo-Porriño) deseñada no PXOM (aprobación inicial de decembro de 2004), a pesares de que se asegura o contrario no Estudo Informativo. Elo é así porque a dita alternativa desenvólvese moi ó norte da que se establece no PXOM como novo acceso Vigo-Porriño, e ambas están separadas por núcleos poblacionais consolidados. Das dúas alternativas propostas é a que establece unha conexión máis afastada do consolidado de Vigo, e desligada do Sistema Xeral Viario da cidade.*
- 3) *As afeccións sobre a canle do Eifonso da alternativa “5b” son moi importantes, lineais e non puntuais. O dito leito é un espazo que se clasifica dentro do PXOM en trámite como Rústico de Protección de Espazos Naturais, polas súas especiais condicións ambientais. Non se entende cómo o estudo ambiental do Estudo Informativo fai mención a este problema dunha forma un tanto indirecta: “non presenta incidencias ambientais considerables, pero non se trata dunha das alternativas máis favorables”. Ademais, sinala que a incidencia sonora desta alternativa é a mínima respecto de tódalas alternativas: non o debe ser no caso do municipio de Vigo, xa que esta alternativa discorre polo fondo do val do Eifonso, un val que serve de apoio a un entramado residencial bastante consolidado, situado a unha cota superior respecto da dita traza, e polo tanto aparentemente bastante exposto a ditas influencias.*
- 4) *O planteamento do acceso a Vigo queda manifestamente curto, e desligado do Sistema Xeral Viario da cidade, xa que conecta coa Avenida de Madrid á altura das curvas de Segade, pero non resolve a limitación da capacidade do dito acceso dadas as sucesivas interseccións semaforizadas da Avda. de Madrid, e a configuración do tramo de acceso da Avda. de Madrid, dende o punto de enlace ata Praza España, que permanece fóra do tramo de estudo. Unicamente a Ronda de Vigo pode influír na distribución parcial do tráfico deste acceso en torno ós distintos eixes do sistema xeral viario da cidade, aínda que no ano horizonte e cos datos do estudo de tráfico do Estudo Informativo, isto puidera ser insuficiente. É, por elo, polo que o Concello de Vigo reserva dentro do PXOM en redacción un novo acceso viario Vigo-Porriño que penetra cara o interior consolidado da cidade, ata o Primeiro Cinturón (aínda dependente do Ministerio de Fomento); de forma que se garante a continuidade dos fluxos e o correcto reparto da circulación rodada no interior da cidade, e garantízase unha correcta funcionalidade e nivel de servizo no tramo máis comprometido de todo o trazado. O Ministerio financiou, está financiando e financiará a cargo do seu capítulo de actuacións no Medio Urbano proxectos similares, en medios máis consolidados incluso que os que se están considerando. Existen claros*

*exemplos deste tipo de intervencións, e incluso de intervencións interiores e máis complexas noutras cidades similares, ademais de casos concretos de obras deste tipo na propia Comunidade Autónoma.*

### Conclusións

*A alternativa norte, a “2c” non parece factibilizar unha correcta inserción dentro do sistema xeral viario da cidade de Vigo; é moi periférica ó consolidado urbano e ó sistema xeral viario da cidade, e o seu enlace co mesmo é indirecto e dificultoso. De forma obxectiva pódese dicir que non conecta coa cidade de Vigo, agás a través dun viario de insuficiente capacidade: a Avda. de Madrid, cuxa mellora non se inclúe no Estudo Informativo.*

*A alternativa “5c” debería mellorarse nun dobre senso: evitando a afección directa á canle do Eifonso e prolongando o túnel previsto co obxecto de minimiza-la dita afección, diminuíndo as ocupacións de forma drástica no curso do Eifonso; de feito, só desta maneira parecería asumible dende o punto de vista ambiental.*

*Os enlaces co sistema xeral viario da nova Variante en Vigo non se deben reducir á conexión coa Avda. de Madrid, xa que se trata dun viario colapsado; na actualidade con un inadecuado nivel de servizo. A Ronda de Vigo mellorará o reparto do tráfico de acceso, pero as consideracións que o Estudo Informativo verte sobre a absorción futura do tráfico por parte da nova variante, implican a necesidade de aborda-la prolongación do novo acceso cara o centro da cidade, mellorando a distribución do tráfico no dito sistema xeral viario. O Concello de Vigo preveu dita necesidade no novo PXOM e reservou para este fin un corredor de acceso ou penetración da Vigo-Porriño, acceso encaixado e insertado sobre e en correspondencia co sistema xeral viario da zona surleste da cidade. O Ministerio debe aborda-lo dito planeamento, e concretar tal e como se comprometeu, unha solución da Vigo-Porriño, técnica e funcionalmente factible, e complementaria con dita reserva do PXOM.*

*As zonas de enlace que aparecen no Estudo Informativo coa A-55 son obxecto na actualidade, co PXOM en vigor, de intervencións e desenvolvementos urbanísticos, a ter en conta co obxecto de validar custos e afeccións, e concretalas zonas de enlace de forma suficiente e rigorosa.*

*En conclusión, ó noso xuízo, preséntanse unhas alternativas que poden considerarse incompletas, pois non é racional manter como única penetración en Vigo a Avda. de Madrid, sen que polo menos se ofrezca unha solución ó nudo do Seminario e ó tramo entre ese nudo e a Praza de España. É máis, non hai mais que observa-los planos esquemáticos das dúas alternativas no ámbito do Concello de Vigo (planos AN-B5.04.05.01/02) para darse conta do racional da solución proposta no PXOM, en tramitación (xa concluída a información pública). Incluso así parece desprenderse das propostas estudadas ó suplementa-la variante coa vía de conexión co 2º Cinturón de Vigo, a través da Estrada da Universidade.*

*Na nosa opinión, debe chegarse a unha solución consensuada entre o Ministerio de Fomento e os tres concellos afectados e moi especialmente co noso a fin de dar solución administrativa para levar a cabo una alternativa parella á exposta no PXOM en tramite, toda vez que, das conversacións que mantivemos cos responsables da Demarcación do Ministerio en Galicia, cabe estimar que serían, cando menos, proveitosas.*

*Calquera solución de conecta-la variante que se propón como máis adecuada (a “5b”) soamente coa Avda. de Madrid como penetración no centro, aínda no caso da súa adecuación futura (nudo do Seminario e tramo ata a Praza de España) no noso criterio, habería de considerarse como provisional, cousa que racionalmente non sería de recibo. É imprescindible diversifica-la entrada na cidade do tráfico rodado, transferindo ó Concello de Vigo a titularidade do tramo Seminario-Praza España da Avda. de Madrid (xa solicitado por este) para a súa transformación en vía urbana, condición que xa ten de feito na actualidade e non con carácter de penetración.*

*Este informe non pretende abarcar aspectos medio-ambientais agás as breves consideracións que nel se expoñen con carácter somero. Elo deberá ser obxecto doutro tipo de informe máis específico.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Manifestar a súa disconformidade co Estudo Informativo da variante do trazado Porriño-Vigo (Clave EI.4-PO-19), polos motivos expostos no informe do Director dos Servizos Técnicos, D. Emilio García Rodríguez, aos efectos previstos no artigo 10 da Lei 25/1988, de 29 de xullo, de Estradas.

2º.- Comunicar á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia a vontade da Corporación de lograr unha solución consensuada entre o Ministerio de Fomento e os tres concellos afectados.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **61(1083).- DAR CONTA DO ESCRITO DO VALEDOR DO CIADÁN SOBRE AS TARIFAS POR CONSUMO DE AUGA.**

Dáse conta do escrito do valedor do cidadán en relación coas tarifas por consumo de auga, de data 25.05.05, que di o seguinte:

Sr:

*Con data 5 de abril do ano que andamos recíbese escrito do Director de Ingresos, de data 5/04/2005, número de saída 4606, a súa referencia expte 233/500, do que se deu cumprida información ó interesado.*

*Con data 24/05/2005 recíbese escrito de D. Luis Abelleira Garbayo, no que fai diversas puntualizacións, as cales transcribimos, engadindo ó final algunhas consideracións desta Institución.*

*“Hemos recibido con fecha de salida 7 de abril 2005 y registro nº 227 contestación al expediente 3/2005.*

*Ante todo nuestro agradecimiento por el estudio pormenorizado cuya conclusiones nos remiten, así como la fotocopia de la empresa Aqualia donde se repiten argumentos indicados por Uds.*

*No obstante, queremos hacer ciertas puntualizaciones que, entendemos, se centran todas ellas en la línea de nuestra primera carta al Valedor del Pueblo y que, aún teniendo en cuenta las consideraciones legales que nos indican, consideramos contravienen el Código Ético de Comercio, sobre todo en una actividad monopolizada.*

*En su escrito se nos indica lo siguiente:*

*El fundamento o justificación técnica, económica y legal para que la Ordenanza Fiscal prevea una cuota mínima – exista o no consumo efectivo – obedece a las siguientes cuestiones:*

*a) La cuota mínima fija asociada a un consumo máximo de hasta 30m3/bimestre, tiene por objeto el establecimiento de una cuota mínima que permita la cobertura de los gastos originados por el mantenimiento, conservación y explotación de la infraestructura básica del servicio de abastecimiento y saneamiento y, en consecuencia, establece las bases para evitar el desequilibrio en la cuenta de explotación de la concesión”.*

*Les adjuntamos fotocopia de la factura que nos remiten con fecha de emisión 13/04/2005.*

*1.- Se observa que no es un MÍNIMO, sino que la tarifa una vez consumidos los primeros 30 m3, se factura no por 38m3, que son los realmente consumidos, sino por 60m3, es decir, que se factura por tramos.*

*Creemos que el argumento eximido de un “mínimo” ya no tiene validez.*

*Volvemos, por tanto a insistir en el Código de Comercio, y sobre todo en el sentido común que nos indica se debe abonar lo que se consume.*

*2.- Por otra parte los impuestos relativos, como queda especificado en la propia factura hacen relación no al consumo, que sería lo normal, sino a la facturación.*

*Es decir, que estamos pagando un impuesto por “nada consumido”. Recordamos que el IVA es un Impuesto al Valor Añadido. ¿Qué nos han añadido?*

*3.- Por otro lado, si es cierto que el consumo mínimo se establece en 30m3/bimestre, ¿por qué conceptos se abonan 11,92 euros facturados como GASTOS FIJOS? Quisiéramos saber qué se entiende por este concepto ya que tanto el mantenimiento, como el saneamiento, como los impuestos tienen un mínimo de facturación.*

*4.- En cuarto lugar, si existe un alquiler del contador, debería ser optativo el que los consumidores adoptaran la opción de alquilarlo a la empresa suministradora o comprarlo a cualquier proveedor de los mismos debidamente homologado y con los requisitos legales imprescindibles. Consideramos que es una práctica de monopolio abusivo.*

*Agradecemos la explicaciones que nos indican en su escrito, la amabilidad y profundidad de sus argumentos. No obstante, tras un detallado estudio hemos observado las anomalías que les notificamos considerándolas en su conjunto como actuaciones provocadas por un monopolio.”*

*Pola nosa parte, e atendendo a supostos similares presentados en anos anteriores, parécenos que resulta contradictorio que a Ordenanza reguladora, no seu artigo 4 (Base Imponíble) declare que a mesma determinarase en función dos consumos efectivamente realizados polo contribuínte e, posteriormente, no artigo 5 (Tarifas) dígase que o consumo mínimo que se lle deberá facturar aos usuarios non poderá ser inferior a 15 m<sup>3</sup>/mes.*

*É claro que as tarifas non son técnica nin xuridicamente unha taxa ou un prezo público, senón un prezo privado, non esixible por vía de constrinximento e discutibles ante a xurisdicción civil. É de suma importancia manter unha eficacia notable na solución dos problemas sociais, máxime cando poidan dar lugar a situacións que puideran afectar aos intereses económicos dos usuarios por mor de cláusulas que se puideran cualificar de abusivas ou temerarias nos contratos derivados de concesión de servizos públicos.*

*Non se esqueza que medidas, como a que se cuestiona, poidan dar lugar a consumos non necesarios, o que vai en detrimento, a lo menos, dunha axeitada política medio ambiental.*



*É coñecida a precisión técnica, pero non equitativa, de que a cota mínima permite a cobertura dos gastos orixinados polo mantemento, conservación e explotación do servizo. Téñase en conta que o resultado estatístico de existencia de mínimos de consumo reflicte situacións diferenciadas, segundo se analicen as zonas xeográficas da península.*

*Insistimos en que a equidade é compañeira inseparable da xustiza, e que debe restrinxirse o odioso e ampliar o favorable (segundo sentencias de hai máis dun século).*

*Entendemos que a Ordenanza en cuestión non contempla a realidade dos supostos que abrangue, trátase de acadar medidas baseadas na xusteza e non na suavidade.*

*Este suposto, que obviamente non é illado, require unha análise da realidade, non só no tema do consumo de auga, senón tamén noutros supostos, que só requiren dun exercicio de sabenza cotiá da razón que impida tratamentos iguais a situacións desiguais.*

*É preciso recordar o artigo 31 da Constitución Española, no que se impón a obriga de contribuír, por parte de todos, ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica, mediante un sistema tributario xusto inspirado nos principios de igualdade e progresividade, non estimando que este se acade polo feito de utilizarlos criterios aludidos de “mantemento, conservación e explotación do servizo”. Esta adecuación non ten que supoñer unha quebra da consideración de taxas ás prestacións patrimoniais que establezan as Entidades Locais por prestación dun servizo público que non sexa de recepción voluntaria; xa que a realidade vén marcada por unha imposición dun caudal de consumo que algúns cidadáns non necesitan para a súa vida privada, social ou empresarial.*

*Os detalles teñen unha importancia considerable, non se deben desprezar, ata tal punto que ignoralos é a orixe de moitos incidentes, perdas de tempo, consumo de enerxías inútiles, esixindo molestias ao administrado que puideran evitarse (Mariani).*

*Se o pagamento dun tributo tense que asociar coa prestación dun servizo, é de xustiza, atendendo aos principios de igualdade e proporcionalidade, que a referida obriga sexa acorde co uso ou consumo que se faga do servizo prestado.*

*Recoñécese pola doutrina que á hora de cuantifica-las taxas pódese estar gravando unha realidade ficticia.*

*O Tribunal Constitucional considera como necesaria a subministración de auga para consumo humano, para as necesidades da persoa.*

*Débese ter moi en conta que o principio de igualdade quebra cando non se dá algún dos presupostos esenciais:*

- a) A achega dun termo válido da equiparación que acredite a igualdade dos supostos.*
- b) O troco de criterio inmotivado ou con motivación irracional ou arbitraria.*

*En canto ó consumo da auga, tense que asegurar o recurso do mesmo en cantidade e calidade suficiente, establecéndose tres liñas básicas de actuación:*

- 1) Racionalidade económica.*
- 2) Racionalidade medioambiental.*
- 3) Racionalidade social.*

*Precísase unha cultura nova sobre a auga, tense que chegar a unha política de demanda máis sostible: políticas de aforro, melloras do rendemento das instalacións, concienciación cidadá sobre o valor da auga como ben insubstituíble e, se é preciso, gravando economicamente os consumos altos (José A. Oregón, Director Xerente da Empresa Municipal de Augas da Coruña).*

*De aí que se estime unha necesaria revisión da Ordenanza reguladora da prestación do servizo público de abastecemento de augas.*

*Dada a transcendencia que ten o tema para toda a colectividade, prégase unha detida análise das propostas.*

Así mesmo, dáse conta do escrito de contestación emitido pola directora de Ingresos, do 28.07.05, conformado polo xefe do Servizo de Investimentos e polo concelleiro de xestión municipal, que di o seguinte:

*Poñemos no seu coñecemento que os Servicios Económicos do Concello iniciaron, - no momento da recepción do seu escrito de data 26 de maio de 2005 (expte. 3/2005) – o correspondiente estudio económico que permita establecer unha nova estrutura de tarifas de subministro de auga e saneamento cumprindo o seguinte triple obxectivo:*

- 1. Racionalidade económica:  
Manter o equilibrio económico-financieiro da Concesión.*
- 2. Racionalidade medioambiental:  
Estructura da tarifa que permita o aforro e a concienciación do valor da auga como ben insubstituíble.*
- 3. Racionalidade social:  
Aplicación ponderada dos principios de capacidade económica, beneficio e progresividade segundo consumos efectuados e tipos de usuarios (privados e/ou de actividades económicas).*

*Dada a complexidade da análise, que a determinación dunha nova estrutura de tarifas require, estimamos que a súa entrada en vigor non sería posible para o exercicio económico 2006 polo que se procedería da seguinte forma:*

- Na sesión plenaria do mes de setembro presentarase a aprobación xunto coas restantes taxas municipais – actualización da vixente estrutura de tarifas na contía da variación do IPC.*
- No momento en que o Pleno aprobe o expediente de retribución da Concesión do exercicio 2005 que conterà o correspondiente estudio económico-financieiro coa nova estrutura e determinación da tarifa media, presentarase a aprobación a correspondiente Modificación da estrutura das tarifas da Ordenanza Fiscal que entraría en vigor unha vez cumpridos os trámites regulamentarios de exposición pública., alegacións, aprobación definitiva e publicación no BOP.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido de ámbolos dous escritos.

**62(1084).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE MULLERES EMPRESARIAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. EXPTE. 2397/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 1.08.05 e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo Administrativo de Alcaldía da mesma data, conformaco polo concelleiro da Área de Xestión Económica e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o texto do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Pontevedra, que de seguido se transcribe:

*En Vigo, a de de dous mil cinco.*

**REUNIDOS**

*Dunha parte, a Ilma. Sra. D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez, alcaldesa-presidenta do Concello de Vigo.*

*Doutra parte, D<sup>a</sup>. María Teresa R. Vidal Gallego, con NIF.35.814.281 S, Presidenta da Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Pontevedra, CIF. G-36.710.234, con domicilio na rúa García Barbón, 104, 1<sup>o</sup>, de Vigo.*

**EXPOÑEN**

*A Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Pontevedra, institución fundada no ano 1989, e que conta con 192 asociadas, ven desenvolvendo ó longo dos anos un intenso esforzo na promoción do papel que está a xogar a muller no sector do comercio da Provincia de Pontevedra, e en particular no tecido comercial da nosa cidade. Trata de localizar e eliminar as barreiras e os factores de discriminación que existen neste sector, así como as dificultades para conciliar a vida familiar coa vida laboral das mulleres empresarias.*

*O Concello de Vigo, consciente da problemática de debe afrontar a Asociación no desenvolvemento da súa actuación, de potenciación do papel que está a xogar a muller no sector comercio, no desenvolvemento da súa actividade específica, e, como non, de promoción da imaxe da nosa cidade, participa neste convenio de colaboración coa financiación de parte das súas actividades.*

*Co obxecto de analizar toda esta problemática, a Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Pontevedra, coa colaboración como Institución do Concello de Vigo, no seu rol de elemento esencial para o fomento e promoción da cidade, organizará, entre outras actividades, un “Congreso sobre Igualdade de Xénero e Conciliación da Vida Familiar e Laboral no Sector Comercio”, previsto para o mes de setembro de 2005.*

*O evento reunirá a arredor de 300 mulleres empresarias do sector comercio; como ponentes contará con especialistas en conciliación, igualdade de xénero e asociacións comerciais, creándose un foro aberto de debate no que se propoñan e resolvan as inquietudes das mulleres traballadoras y se potencien as ventaxas do asociacionismo comercial.*

*A programación de actuacións da Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Pontevedra á que anteriormente se fai referencia, de especial incidencia pública na vida comercial da cidade, aconsellan a ámbalas*

dúas Institucións, Concello de Vigo e Asociación de Empresarios da Provincia de Pontevedra, a sinatura dun convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

### CLÁUSULAS

Primeira.- Este convenio ten por obxecto establecer un marco de acordo para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Empresarias da Provincia de Pontevedra no desenvolvemento da programación das actuacións da mencionada Asociación no segundo semestre do ano actual, que ten como primeiro evento a realización dun “Congreso sobre Igualdade de Xénero e Conciliación da Vida Familiar e Laboral no Sector Comercio”.

Segunda.- O Concello de Vigo colabora nesta programación como Institución en condición de patrocinador. As razóns da colaboración baséanse na promoción e proxección exterior da cidade, o realizarse o Congreso especificado na cláusula primeira en Vigo e difundirse os resultados do mesmo a través de Internet e dun libro específico que reunirá as conclusións do mesmo, e no fomento do asociacionismo no sector comercio de Vigo.

Terceira.- A Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Pontevedra estima que o presuposto para a realización da súa programación para o segundo semestre do ano 2005, obxecto de patrocinio por parte do Concello de Vigo, ascende á cantidade de 114.052 euros, que se desglosan do seguinte xeito:

- Curso de traballadoras	4.900 euros
- Curso desempregadas	17.707 euros
- Outros cursos	1.500 euros
- Organización Congreso Igualdade de Xénero	13.650 euros
- Máster de economía para no Economistas	3.600 euros
- Charlas, reunións e conferencias	10.000 euros
- Asistencia a Congresos e Ferias	12.000 euros
- Proxectos e representatividade	37.500 euros
- Orioxectos europeos	9.000 euros
- Xornadas de promoción asociacionismo	3.295 euros
- Asistencia a outros actos	900 euros

Cuarta.- O Concello de Vigo estará presente nas actividades sinaladas na cláusula anterior mediante a inserción do logotipo do Concello nos folletos, publicacións, campañas de publicidade, recepcións e, en xeral, en tódolos actos e actuacións que se convoquen relacionados con esta programación.

Quinta.- A contraprestación para o Concello de Vigo terá carácter publicitario, de promoción institucional da cidade e da súa campaña de actuación institucional, quedando esta asegurada coa execución da cláusula cuarta, e especialmente co desenvolvemento do Congreso sobre Igualdade de Xénero e Conciliación da Vida Familiar y Laboral no Sector Comercio. O valor desta campaña publicitaria internacional, de realizala o Concello, tería un custe de 65.000 euros.

Sexta.- A Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Pontevedra obrígase ó desenvolvemento das seguintes actividades:

- Cumprir o programa de actividades previstas neste convenio, que forman parte deste expediente.

- *Redacción, deseño, maquetación, imprenta e edición de 500 exemplares do libro de difusión que reúna as conclusións do Congreso.*
- *Organización completa do Congreso, incluíndo contratación de ponentes, de salón de actos adecuado, do servizo de catering, invitacións, propaganda, e tódolos recusos necesarios para o desenvolvemento de tal evento.*
- *Na publicidade que se realice para a difusión da programación da Asociación e dos actos deste Congreso, a Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Pontevedra dará o mesmo tratamento en espacio ós anagramas do Concello que ós seus propios. No caso de participación doutras entidades, a Asociación de Mulleres Empresarias acordará co Concello a fórmula de presenza dos anagramas.*
- *A Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Pontevedra presentará á Alcaldía do Concello de Vigo unha memoria da realización da programación realizada pola Asociación e, especificamente, do Congreso mencionado, unha vez rematada a programación, onde figurarán, como mínimo, os datos de participación, as memorias de prensa e os rexistros fotográficos correspondentes.*
- *A Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Pontevedra deberá obter, se fose necesario, tódolos permisos e autorizacións pertinentes para a realización deste convenio.*

Sétima.- *O Concello de Vigo aportará a este convenio de colaboración á cantidade de 42.000 euros, con cargo á partida orzamentaria 111.0.227.06.02, “Convenios”, do prosuposto en vigor, de axuda para cubrir as actividades descritas. O pagamento desta cantidade realizarase mediante transferencia bancaria á conta número 2091 0501 60 30 40032558 de CAIXAGALICIA.*

Oitava.- *O pagamento expresado na cláusula anterior farase en dúas partes. A primeira, de 21.000 euros, realizarase trala firma deste convenio. A segunda, dos 21.000 euros restantes, contra a presentación da memoria das actividades realizadas pola Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Pontevedra e a certificación do técnico municipal a que fai referencia a cláusula novena.*

Novena.- *Coa documentación detallada na cláusula anterior deberase xuntar a oportuna certificación de cumprimento do obxecto deste convenio, que deberá ser asinada e ratificada por un técnico designado pola Alcaldía, que efectuará, así mesmo, o control do desenvolvemento do convenio.*

Décima.- *Co fin de velar pola execución deste convenio crearase unha Comisión de Seguemento, composta por dúas persoas; unha nomeada a tal efecto por parte do Concello de Vigo e a outra pola Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Pontevedra.*

Décimo primeira.- *O Concello de Vigo queda facultado para solucionar as controversias derivadas da interpretación, aplicación e execución deste convenio, así como para tomar as iniciativas que conduzan ó seu cumprimento.*

Décimo segunda.- *A vixencia deste convenio de colaboración rematará o día 15 de decembro de 2005.*

*En proba de todo o acordado, asínase este convenio de colaboración por duplicado exemplar no lugar e data indicados.*

**63(1085).- CONTINUIDADE DO CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA DE COLEXIOS E ESCOLAS PÚBLICAS. EXPTE. 17347/240.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18.08.05, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 12.08.05, conformado polo xefe da Área de Contratación e o concelleiro de Educación, que di o seguinte:

*Por resolución da Alcaldía do Concello de Vigo, de data 30 de agosto de 2001, acordouse adxudicar á empresa, "Limpiezas del Noroeste, S.A.", o contrato de limpeza de colexios e escolas públicas do Concello de Vigo, o prazo de finalización de ditos contratos é o 31 de agosto do presente ano, 2005, segundo determinan os pregos de condicións técnicas e cláusulas administrativas que rexeron a contratación.*

*No vixente presuposto, ano 2005, na partida presupostaria 422.0.227.00.00, figura consignada a cantidade de 772.912,84 euros, destinada a facer fronte o gasto necesaria para atender as necesidades derivadas da prestación de dito servizo.*

*Por parte do servizo de educación do Concello de Vigo, remiten escrito a este servizo de Patrimonio e Contratación, solicitando que dado que o Convenio do sector do servizo de limpeza en colexios, non se asinou polas parte, Concello- traballadores que prestan o servizo nos colexios e escolas públicas do Concello de Vigo, ata o o mes xuño deste ano, e que no contrato do servizo de limpeza das escolas e colexios públicos de Vigo o concepto preeminente e o pagamento deste personal, non resulta posible aínda determinar un marco financeiro estable, que permita fixar un prezo de licitación que resulte certo. O estudo que se está a realizar por parte dos servizos económicos municipais non pode avanzar ata que estivesen fixados estes acordos salariais e as outras condicións sociais das que poidan derivarse obrigas económicas.*

*Manifesta así mesmo que dado a contía do contrato a día de hoxe non resulta posible tramitar un novo expediente de contratación para a cobertura do servizo que empezará a rexer a partir do 1 de setembro de 2005, polo que solicitan unha modificación do contrato actual ata a adxudicación dun novo concurso, ou en calquer caso por un período comprendido entre o 1 de setembro ata o 31 de decembro de 2005.*

*O artigo 101 da Lei de Contratos das administracións Públicas, establece que o organo de contratación só poderá introducir modificacións por razóns de interese público nos elementos que integran o contrato sempre que sexan debidas a necesidas novas ou causas imprevistas, xustificándoo debidamente no expediente , supostos que non concorren no presente caso, pois a pesar de ser certa a incidencia dos salarios dos traballadores no prezo certo do contrato, púdose prever tal situación no prego de condicións introducindo a correspondente "cláusula de estabilización do prezo" e non ser posible a aplicación do mesmo, no caso que nos ocupa, o tratarse dunha modificación esencial dos elementos do mesmo, cal é a ampliación do seu prazo por un tempo superior o permitido pola Lei.*

*Por outra parte tampouco é de aplicación o previsto no art. 210 da Lei de Contratos das Administracións Públicas de aplicación do procedemento negociado sin publicidade, xa que non concorren ningunha das causas previstas no mesmo, e unicamente podese recorrer o mesmo durante os tres primeiros anos a partir da data de formalización do contrato.*

*Estáse a estudar polo servizo a conveniencia de facer un requerimento a tódolos servizos municipais co fin de que neste tipo de contratos o prazo do mesmo sexa o de dous anos con dous prórrogas de un ano cada unhas para o suposto de que a prestación sexa satisfactoria para o Concello e que cando se tramite a segunda o no seu caso a primeira o incluso a denegación da mesma se remita conxuntamente o novo expediente de contratación.*

*En data 11 de agosto do presente ano, comparececeu nas dependencias municipais de Patrimonio e Contratación o Gerente da empresa que na actualidade está prestando o servizo, “Limpiezas del Noroeste, S.a.”, e manifestou a súa vontade de continuar coa prestación do servizo nas mesmas condicións que ata data, e mentres non se regulariza a situación da adxudicación de unha nova contratación.*

*Polo exposto, e debido o tipo de servizo de que se trata: - “a limpeza de colexios e escolas públicas do Concello de Vigo” -, de apertura obrigatoria en debidas condicións para o seu uso o día 1 de setembro de 2005, ante o impedimento legal existente para proceder en tempo a solucionar a problemática presentada, ocasionada, sen dúbida algunha pola derogación do antigo Art. 59 do Regulamento de Contratación das Corporacións Locais polo que facultaba aos concellos a prorrogar, no seu término final, os contratos de servizos que tivesen por obxecto atender necesidades permanente e a prohibición das “prórrogas tácitas” por tempo superior ao establecido como máximo pola Lei, tan so cabe, o meu xuízio, un pronunciamento, previo aos correspondentes informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral sobreo procedemento e á existencia de crédito adecuado e suficiente, polo Organo de Contratación do Concello, que é a Xunta de Goberno Local o, por delegación, polo membro do equipo de goberno encargado da Área a que afecte o contrato, os que se propón a adopción do seguinte ACORDO, amparado pola vixente Base 28 de execución orzamentaria reguladora da Indemnización substitutiva de gastos e recoñecemento extraxudicial de créditos, consistente en:*

*1.- Que o contrato de limpeza de colexios e escolas públicas queo Concello de Vigo mantén con “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, finaliza o 31 de agosto de 2005.*

*2.- Requerir a entidade “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, para que se faga cargo da prestación do servizo de limpeza de colexios e escolas públicas do Concello de Vigo, ata que se adxudique o concurso en trámite para unha nova contratación.*

*3.- Que polo servizo de educación do Concello de Vigo se proceda a maior brevedade posible á tramitación dun novo expediente de contratación, polo trámite de urxencia para a prestación do servizo de Limpeza de Colexios e Escolas Públicas do Concello de Vigo.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, visto que o contrato de limpeza de colexios e escolas públicas queo Concello de Vigo mantén con “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, finaliza o 31 de agosto de 2005, acorda:

1º.- Requerir a entidade “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, para que se faga cargo da prestación do servizo de limpeza de colexios e escolas públicas do Concello de Vigo, ata que se adxudique o concurso en trámite para unha nova contratación.

2º.- Que polo servizo de educación do Concello de Vigo se proceda a maior brevedade posible á tramitación dun novo expediente de contratación, polo trámite de urxencia para a prestación do servizo de Limpeza de Colexios e Escolas Públicas do Concello de Vigo.

**64(1086).- PRESTACIÓN DO SERVIZOS DE NATUREZA FINANCEIRA AO PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO E PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE CAIXA DA CORPORACIÓN EN INSTALACIÓNS DA CASA DO CONCELLO.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do tesoureiro municipal, do 23.08.05, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*A Comisión de Goberno, na sesión ordinaria que tivo lugar o 18 de decembro de 2000, acordou adxudicar á entidade Caja de Ahorros de Galicia “Caixa Galicia”, os servizos de natureza financeira ó persoal do Concello de Vigo nas instalacións da Casa do Concello que lle sexan cedidas para a prestación do servizo de Caixa da Corporación a que se refire o artigo 75 do Real decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, fixando a data límite para a incorporación ó servizo pola adxudicataria o 1 de setembro de 2001.*

*Por conseguinte, a entidade Caixa Galicia, ademais da prestación dos servizos obxecto específico do prego, isto é, os derivados das actividades propias das Entidades de crédito ás que alude a Lei 3/1994, de 14 de abril (préstamo, crédito, “factoring”, arrendamento financeiro, ...), ven prestando dende a citada data o servizo de Caixa da Corporación con arreglo ás normas reguladoras dictadas ao efecto polo Excmo. Concello de Vigo.*

*A cláusula 3ª do prego dispón que o contrato outorgarase por un prazo máximo de catro anos a partir da data de iniciación da prestación dos servizos, sen posibilidade de prórroga, polo que o 1 de setembro de 2005 se producirá a súa extinción, tal e como dispón a cláusula 11ª do mesmo. A extinción do contrato producirá o cese nas actividades que a entidade Caixa Galicia ven realizando como consecuencia da adxudicación do contrato, tanto as principais de tipo financeiro, como as accesorias do servizo de caixa da Corporación na lonxa do Concello.*

*Pola súa beira, a Comisión de Goberno, en sesión de 23 de abril de 2001, adoptou o acordo de seleccionar para subscribir o contrato marco para a prestación de servizos financeiros para o Concello de Vigo ás entidades Caixa de Ahorros de Vigo, Ourense e Pontevedra (Caixanova); Caja de Ahorros de Galicia (Caixa Galicia); Caja de Ahorros y Pensiones de Barcelona, La Caixa; e Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A. Con carácter complementario ós servizos bancarios que constitúen o obxecto do citado contrato marco (conta corrente, apertura de crédito en conta corrente, e compra ou venda con pacto de recompra a data fixa de activos financeiros), as entidades adxudicatarias resultaron seleccionadas asimesmo para prestar servizos de colaboración en materia de recadación municipal, en calidade de Entidades Xestoras na recadación, co alcance e contido definido no acordo de adxudicación a que se fixo referencia.*

*Informe e proposta:*

*En congruencia co antedito, a organización dos servizos financeiros do Concello de Vigo, os medios de ingreso e pagamento e, en definitiva, a xestión da tesourería e recadación municipais a que se refiren os artigos 194 e seguintes do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (RDL 2/2004, de 5 de marzo), atópanse*



*regulados en ámbolos dous Pregos de condicións polos que se rexiron as contratacións a que fixemos referencia, e nas normas reguladoras da prestación do servizo aprobadas polo órgano municipal competente.*

*Pois ben, tendo en conta que o vindeiro 1 de setembro de 2005 finalizará o contrato de prestación de servizos de natureza financeira ó persoal do Concello de Vigo, o funcionario que suscribe estima que resultaría convinte neste intre estudar a posibilidade de inicia-lo expediente para a contratación da prestación da totalidade dos servizos de natureza financeira e recadadora do Concello de Vigo, redactando un novo Prego de condicións do que o seu obxecto sexa o resultado de unificar ambos os dous Pregos existentes na actualidade, incluíndo ademais aquelas prestacións que se estimen convintes, co gallo de refundir e armonizar a normativa pola que se rexe a xestión da Tesourería municipal, dispoñendo a apertura dun procedemento de contratación na forma que legalmente proceda, de xeito que a (s) entidade (s) adxudicataria (s) estivera (n) en condicións de incorporarse para iniciar a prestación dos servizos obxecto de contratación o 1 de xaneiro de 2006.*

*Deste xeito, o inicio e vencemento do contrato coincidiría con anos naturais, o que suporía a non interrupción da xestión da recadación municipal polas entidades financeiras durante os períodos voluntarios de ingreso dos tributos municipais de cobro periódico por recibo (I.V.T.M., Taxa recollida do lixo, Exaccións unificadas industriais, I.B.I. e I.A.E.) ocasionando, en consecuencia, as mínimas incidencias na prestación do servizo aos contribuíntes e a propia Administración.*

*Agora ben, non pode obviarse que o vindeiro día 1 de setembro de 2005, data de finalización do contrato a que se fixo referencia, constitúe precisamente a data de inicio do período voluntario de recadación do Imposto sobre Bens Inmóbiles e do Imposto sobre Actividades Económicas correspondentes ao exercicio 2005, ingresos tributarios que contitúen unha das principais fontes de recadación de ingresos deste Concello, e que afectan, como obrigados ao pagamento, a un amplísimo número de cidadáns.*

*Como consecuencia disto, o funcionario que suscribe estima que resulta necesario e improrrogable garantir a continuidade, sen interrupción temporal, na prestación por entidade financeira do servizo de caixa da Corporación nas instalacións da Casa Consistorial, que na actualidade se atopa configurado como unha prestación accesoria do obxecto principal do contrato de prestación de servizos financeiros ó persoal do Concello, desligando a prestación deste servizo do obxecto principal do contrato de prestación de servizos de natureza financeira e recadadora a que fixemos referencia, e todo isto para facilitar-lle aos contribuíntes o cumprimento das súas obrigas tributarias, pois doutro xeito o pagamento dos recibos non se podería facer na lonxa do Concello, tendo que desprazarse os contribuíntes a algunha entidade colaboradora na recadación fora das propias instalacións municipais.*

*A maior abundamento, cabe sinalar que o non establecemento dunha entidade de depósito na lonxa da Casa Consistorial para a prestación do servizo de caixa, obrigaría a constituir novamente a tradicional Caixa de efectivo, o que conlevaría importantes inconvenientes derivados da necesidade de control, manipulación e aseguramento do numerario resultante da recadación diaria, para o que se carece de infraestrutura na actualidade, ao tempo que se lle privaría aos contribuíntes da posibilidade de face-lo pagamento mediante transaccións de notable arraigo no sistema bancario actual como son, por exemplo, o cargo en conta ou a domiciliación bancaria.*

*Por outra banda, resultaría aconsellable desligar a prestación do servizo de caixa por entidade financeira das outras prestacións de natureza financeira e recadadora para as que a normativa vixente esixe un procedemento de contratación que garanta a publicidade e a concorrência, dado que convén que o servizo de caixa se preste de forma permanente, sen estar suxeito a prazos temporais, dos que a súa duración dependerá do procedemento e a*

forma de adxudicación. Compré lembrar que a duración normal dun contrato de prestación de servizos financeiros e de dous anos, prorrogables de forma expresa sen que a duración total do mesmo poida exceder de catro anos, incluídas prórrogas.

O instrumento para formalizar a prestación do servizo de caixa por entidade financeira é o Convenio entre as partes, tal e como sinala o artigo 75 do Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, o cal se atopa excluído do ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo 2/2000, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, segundo dispón o artigo 3.1.d) do citado texto legal.

A maior abundamento, cabe sinalar que o Real Decreto 1.248/2003, de 3 de outubro, modificou o artigo 74.2.a) do Regulamento xeral de recadación, establecendo de forma expresa e inequívoca (segundo reza literalmente o propio Real Decreto) que a existencia do servizo de caixa nas dependencias da Administración estará condicionada ao feito de que o órgano competente suscriba coas entidades de depósito un convenio para a prestación por éstas do mencionado servizo. En sentido semellante, a exposición de motivos da Orde PRE/3662/2003, de 29 de decembro, pola que se modifica o procedemento de recadación dos ingresos non tributarios recadados polas Delegacións de Facenda literalmente dispón que “Ante o próximo vencemento do convenio asinado coa entidade de depósito que ven prestando na actualidade o servizo de caixa nas Delegacións e Administracións da A.E.A.T. ...”.

A competencia para convir a prestación do servizo é do/a Alcalde-Presidente/a en virtude do disposto no artigo 41.19 do Real decreto 2.568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locales, sen prexuízo da delegación de atribucións que legalmente poida establecerse.

Polo que respecta á entidade (s) de depósito coa (s) que suscribir o Convenio, estarase á vontade das partes, se ben tendo en conta que un dos obxectivos da prestación do servizo de caixa por entidade financeira é precisamente dotar aos contribuíntes de maiores facilidades para o aboamento das súas débedas, e introducir ao tempo un maior número de medios de pagamento, dando entrada ás transaccións propias do sistema bancario, como o cargo en conta ou a domiciliación bancaria, parece xustificoado que este convenio sexa asinado cunha ou varias entidades que teñan unha ampla presenza e implantación territorial na cidade e a súa área de influencia.

Por outra banda, compre lembrar que con anterioridade a que a Comisión de Goberno, en sesión celebrada o 28 de agosto do ano 2000, acordara inicia-lo expediente para a contratación dos servizos de natureza financeira en instalacións da Casa Consistorial, incluíndo no obxecto do contrato o servizo de Caixa da Corporación, este servizo viña sendo prestado, en virtude de Convenio asinado por este Concello o 1 de setembro de 1997, pola entidade Caixavigo, na actualidade integrada na Caixa de aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra, Caixanova. A selección desta entidade xustificouse en base a que Caixavigo era a que ostentaba unha maior presenza e peso específico, tanto no marco da colaboración en materia recadadora, como polo volumen de recadación neta obtida en cada exercicio, circunstancias que continúan concorrendo na actualidade con respecto á entidade resultante da integración das Caixas de Aforros do sur de Galiza –incluída Caixavigo-, Caixanova.

Tendo en conta o anteriormente espuesto, estima o funcionario que suscribe que, salvo mellor criterio, debe convir a prestación do servizo de Caixa da Corporación nas instalacións da Casa Consistorial en materia de recadación de ingresos municipais coa entidade Caixanova, o que non obsta para que o Concello de Vigo poida suscribir outros para esta mesma finalidade con calesqueira Entidades financeiras.

*Para garantir a continuidade na prestación do servizo de caixa da Corporación, o Convenio debe asinarse coa antelación suficiente para que a entidade asinante se atope en condicións de iniciar a prestación do servizo o 1 de setembro do ano en curso.*

*En definitiva, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

*1º.- Inicia-lo expediente para a contratación da prestación da totalidade dos servizos de natureza financeira e recadadora do Concello de Vigo, redactando un Prego de condicións do que o seu obxecto sexa o resultado de unifica-los dous Pregos existentes na actualidade, incluíndo ademais aquelas prestacións que se estimen convintes, co gallo de refundir e armonizar a normativa pola que se rexe a xestión da Tesourería municipal.*

*2º.- Aproba-lo proxecto de Convenio para a prestación do servizo de Caixa da Corporación do Concello de Vigo en materia de recadación de ingresos municipais que se achega xunto con esta proposta, a suscribir entre a Sra. Alcadesa do Concello de Vigo e a entidade de depósito Caixanova, con vixencia a partires do 1 de setembro de 2005 e ata o 31 de decembro de 2006, renovándose tácitamente, por períodos de carácter anual, de non mediar denuncia ou modificación por algunha das partes outorgantes cunha antelación mínima de tres meses ao seu vencemento.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Iniciar o expediente para a contratación da prestación da totalidade dos servizos de natureza financeira e recadadora do Concello de Vigo, redactando un prego de condicións do que o seu obxecto sexa o resultado de unificar os dous pregos existentes na actualidade, incluíndo ademais aquelas prestacións que se estimen convintes, co gallo de refundir e harmonizar a normativa pola que se rexe a xestión da Tesourería municipal.

2º.- Deixar para maior estudo a conveniencia de aprobar o convenio proposta para a prestación do Servizo de Caixa da Corporación.

#### **65(1087).- SOLICITUDE DE CAJA DE AHORROS DE GALICIA (CAIXAGALICIA) PARA QUE SE LLE PERMITA PERMANECER NAS INTALACIÓNS DO CONCELLO ATA A CONVOCATORIA DE NOVO CONCURSO.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Seguidamente dáse conta da petición que efectua a Caja de Ahorro de Galicia, que di:

*D. Jose manuel Fernández Fernández, con N.I.F.: 76617555R e domicilio a estos efectos en Vigo, Rúa Policarpo Sanz, 21, comparece en nome e representación de CAJA DE AHORROS DE GALICIA, con domicilio social na*

Coruña, Rúa Nueva, 30-32 e N.I.F. G15028947, en virtude da escritura de poder a súa favor otorgada o 2 de febreiro de 2005 ante Notario da Coruña, D. Alfonso García López, baixo o número 333 do seu protocolo e dice:

Que CAJA DE AHORROS DE GALICIA ven actualmente prestando, en instalacións da Casa Consistorial, tantos diversos servizos da natureza financeira ao persoal do Concello de Vigo, como ao servizo de Caixa Corporación regulado no art 75 do Regulamento de Recadación, en virtude de adxudicación do concurso aberto acordada pola Comisión de dito Concello, en sesión celebrada o 18 de decembro de 2.000.

Que atopándose próximo ao vencemento da adxudicación e, estando esta entidade financeira interesada en continuar prestando ditos servizo, así como en concurrir ao novo concurso aberto que se convoque para a adxudicación dos mesmos, SOLICITA Ó EXCMO. CONCELLO DE VIGO:

I.-Que autorice a CAJA DE AHORROS DE GALICIA a permanecer nas instalacións da Casa Consistorial prestando os servizos referidos, en tanto non se proceda a convocatoria do novo concurso e posterior adxudicación dos mesmos, de forma que non se resinta a continuidade da súa prestación nin se ocasionen prexuízos ningún ao persoal do Concello ou o público en xeral. A tal efecto, CAJA DE AHORROS DE GALICIA comprométese, pola súa parte, a continuar dita prestación nos mesmos termos nos que se realizou a adxudicación.

II.-Que teña por comunicado o interese desta entidade en comparecer ao novo concurso aberto que, para a prestación dos servizos financeiros ao persoal do Concello e do servizo de Caixa Corporación convoque, polo que, lle solicita igualmente sexa notificado o inicio do procedemento.

E, en virtude de canto antecede, rogamos teñan por realizadas as anteriores manifestacións, aos efectos oportunos.

#### Acordo

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado por Caja de Ahorro de Galicia.

#### **66(1088).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dez horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.